IMPORTANTE: sempre que se manteña o ensino presencial, todos os exámenes e probas escritas deberán ser presenciais, en caso dunha suspensión temporal breve da actividade lectiva os alumnos/as deberán facer exámenes presenciais cando retornen a aula. Os exámenes online soamente serán realizados na circunstancia dun longo confinamento.

**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO. 1º DE
BACHARELATO**

Introdución

O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliáveis preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan dun estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islámico. Ao tratar de analizar

tales feitos, a historia enriquecese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos. Podemos incluír tamén a análise noutros idiomas, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas deses feitos históricos.

Débense desenvolver conceptos, pero tamén procedementos do traballo do/da historiador/a, cun vocabulario científico da disciplina que requirirá rigor e espírito de traballo, exposicións, correcta ortografía e expresión que lle permitan ao alumnado establecer os seus razoamentos e argumentacións.

A través do estudo de Historia do Mundo Contemporáneo, os/as estudantes deberán adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e as de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios de Historia do Mundo Contemporáneo. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Historia do Mundo contemporáneo permite desenvolver metodoloxías activas nas que, como xa se citou, o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

Tendo en conta o número de horas lectivas previstas para esta materia, 4 horas semanais e unha media aproximada de 36 horas por avaliación, topámonos co problema dunha falta real de tempo para poder abarcar con certa profundidade, trátase dunha

materia de modalidade, a Historia Contemporánea. Esta limitación levounos a centrar a materia no século XX e nos aspectos máis metodolóxicos que nos puramente “factuais”.

O século XX por ser o noso pasado máis próximo, e por iso imprescindible para comprender o noso mundo actual, e os aspectos metodolóxicos, por coidar que neste nivel de estudos é preciso dotar ó alumnado de instrumentos que lle permitan abordar o coñecemento histórico.

1. Obxectivos xerais.

O proceso de aprendizaxe desta materia debe contribuír a que as alumnas e alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

1. Explicar, situándoos adecuadamente no tempo e no espacio, feitos e acontecementos relevantes da Historia do Mundo Contemporáneo, valorando a súa significación no proceso histórico e as súas repercusións no presente.
2. Comprender os principais procesos económicos, sociais, políticos e culturais que configuran a historia recente, identificando os seus rasgos máis significativos e analizando os factores que os conformaron.
3. Adquirir unha visión global do mundo contemporáneo e dos seus problemas partindo dos seus antecedentes históricos, fuxindo de enfoques eurocéntricos e parciais, comprendendo as súas relacións de interdependencia e a interrelación de factores (políticos, económicos, tecnolóxicos...) que se dan nel e analizando a función que cumpren as institucións supranacionais.
4. Empregar con propiedade a terminoloxía básica acuñada pola historiografía e realizar actividades de indagación e de síntese nas que se analicen, contrasten e integren informacións diversas, valorando o papel das fontes e o labor do historiador ou historiadora.
5. Desenvolver o sentido da responsabilidade e a sensibilidade diante dos problemas sociais do noso tempo, en especial ós que afectan ós dereitos humanos e á paz, adoptando actitudes democráticas e tolerantes e adquirindo independencia de criterio e hábitos de rigor intelectual.
6. Desenvolver o sentido da sensibilidade diante da situación discriminaria na que se atoparon e topan as mulleres, fuxindo dos tópicos e análises simplistas.

7. Argumentar as propias ideas sobre a sociedade e revisalas de forma crítica tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuízos e entendendo a análise histórica como un proceso en constante reelaboración.
8. Desenvolver unha actitude crítica acerca dos valores que subxacen nas actuacións dos distintos grupos sociais e das persoas, analizando a correspondencia entre principios declarados e conductas.

Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O Antigo Réxime				
a b c d e h	B1.1. Trazos do Antigo Réxime.	B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.	CSC CAA CCL
			HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.	CSC CAA CCL CD
			HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	CSC CAA CCL CCEC
			HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	CSC CAA CCL
a b c d e h	B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.	B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade.	CSC CAA CCL
			HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.	CSC CAA CCL
a b c d e h	B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra.	B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.	CSC CCEC CCL
			HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.	CSC CCEC CCL

a b c d e h	B1.4. O pensamento da Ilustración.	B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías.	HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.	CSC CCEC CCL
			HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.	CSC CCEC CCL
a b c d e g h	B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo.	B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.	CSC CAA CD
a b c d e h m n	B1.6. Manifestacións artísticas do momento.	B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.	HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó.	CSC CCEC CCL CAA
Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais				
a b c d e h l	B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos).	B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible.	HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial.	CSC CAA CCL
a b c d e h l	B2.2. Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía.	B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais	HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.	CSC CAA CCL
			HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquemáticamente as dúas revolucións industriais.	CSC CAA CCL
a b c d e g h m p	B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. Industrialización extraeuropea. Industrialización española e galega.	B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance.	HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.	CSC CAA CD
			HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes	CSC CAA CCL CMCCT

			historiográficas.	
			HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia.	CSC CAA
a b c d e g h l	B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo concepto de cidade).	B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influiron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.	HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.	CSC CAA CSIEE
			HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.	CSC CAA CCL
			HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.	CSC CAA CCL CD
			HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.	CSC CCL CD
a b c d e h m	B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises.	B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.	CSC CAA CCL
a b c d e h m	B2.6. Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros.	B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX.	HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.	CSC CAA CCL
			HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.	CSC CCL
Bloque 3. A crise do Antigo Réxime				
a b c d e h i	B3.1. Crise do Antigo Réxime: visión global.	B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.	HMCB3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.	CSC CAA CMCCT
a b c	B3.2. Nacemento dos EEUU.	B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados	HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia	CSC CCL CAA

d e h		Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.	dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.	
a b c d e h	B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais.	B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias.	HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789. HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.	CSC CCL CSC CCL CAA
a b c d e g h	B3.4. Imperio Napoleónico.	B3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias.	HMCB3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	CSC CAA CD
a b c d e h	B3.5. O Congreso de Viena e o Absolutismo.	B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados.	HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaaas coas súas consecuencias.	CSC CCL CAA
a b c d e h p	B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español.	B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.	HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.	CSC CCL
a b c d e g h	B3.7. O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña.	B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas.	HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.	CSC CCL CD
a b c d e h m n	B3.8. Cultura e Arte: Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo.	B3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente.	HMCB3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.	CSC CCEC CCL CAA
a b c d e h	B3.9. Independencia das colonias hispano-americanas.	B3.9. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica.	HMCB3.9.1. Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX.	CSC CMCCT CAA

Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial				
a b c d e h	B4.1. Tránsito do século XIX ao XX: visión global.	B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores.	HMCB4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.	CSC CAA
a b c d e h	B4.2. Evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana; o Imperio Austrohúngaro; Rusia; os Estados Unidos (da Guerra Civil ata comezos do século XX) e Xapón (transformacións de finais do século XIX).	B4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.	HMCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.	CSC CMCCT CAA
HMCB4.2.2. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.			CSC CAA CCL CD	
HMCB4.2.3. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.			CSC CAA CCL	
HMCB4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.			CSC CAA CCL	
a b c d e h	B4.3. Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias.	B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias.	HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.	CSC CAA CCL
HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.			CSC CD CAA	
HMCB4.3.3. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.			CSC CAA CCL	
a b c d e h	B4.4. Relacións internacionais. Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente.	B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada.	HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	CSC CCL
a b	B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento	B4.5. Distinguir os acontecementos que	HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou	CSC CAA

c d e g h	e consecuencias.	conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.	historiográficas as causas da I Guerra Mundial.	CCL
			HMCB4.5.2. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.	CSC CCL
			HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.	CSC CAA CCL CD
			HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.	CSC CAA CCL
Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias				
a b c d e h	B5.1. Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte.	B5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.	HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.	CSC CCL
a b c d e h	B5.2. Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS.	B5.2. Esquematar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias.	HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.	CSC CCL
			HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.	CSC CAA CCL
a b c d e h	B5.3. Tratados de Paz e reaxuste internacional: Sociedade de Nacións.	B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.	HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.	CSC CCL CAA
			HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.	CSC CCL
a b c d e h	B5.4. Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal".	B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá.	HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión.	CSC CCL CAA CD
			HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.	CSC CCL CMCCT
a b	B5.5. Fascismos europeos e nazismo alemán.	B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como	HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.	CSC CCL

c d e h m		ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	HMCB5.5.2. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.	CSC
a b c d e h	B5.6. Relacións internacionais do período de entreguerras; viraxes cara á guerra.	B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.	HMCB5.5.3. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.	CSC CAA CCL
a b c d e h	B5.7. II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais.	B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.	HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.	CSC CAA CCL
a b c d e h	B5.8. Desenvolvemento da II Guerra Mundial.	B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.	HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.	CSC CAA CCL
			HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.	CSC CAA CCL
a b c d e h	B5.9. Consecuencias da II Guerra Mundial.	B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá.	HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.	CSC CAA CCL
a b c d e h m	B5.10. Antisemitismo: o Holocausto.	B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.	HMCB5.10.1. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.	CSC CAA CD
			HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.	CSC CAA CCL
a b c d e h	B5.11. Preparación da Paz e a ONU.	B5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.	HMCB5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.	CSC CCL CAA
Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos				
a b c d	B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría.	B6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos,	HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.	CSC CD

e h		clasificándoos presentándoos adecuadamente.	e	
a b c d e h	B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á coexistencia pacífica e a distensión.	B6.2. Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.	HMCB6.2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.	CSC CAA CCL CD
a b c d e h	B6.3. Evolución da economía mundial de posguerra.	B6.3. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época.	HMCB6.3.1. Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista.	CSC
			HMCB6.3.2. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.	CSC CAA CCL CD CMCCT
a b c d e h	B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo.	B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos.	HMCB6.4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas.	CSC CCL CMCCT
			HMCB6.4.2. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos.	CSC CCL CMCCT
			HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.	CSC CAA CCL
			HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.	CSC CCL
Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo				
a b c d e h	B7.1. Orixes, causas e factores da descolonización.	B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso.	HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.	CSC CCL CD
a b c d e	B7.2. Etapas e modelos de descolonización.	B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e	HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización.	CSC CCL CAA

h		personaxes significativos de cada proceso.	HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.	CSC CCL
a b c d e h	B7.3. Desenvolvemento do proceso descolonizador: papel da ONU.	B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións.	HMCB7.3.1. Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas.	CSC CCL
a b c d e h m	B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo.	B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican.	HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas. HMCB7.4.2. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo. HMCB7.4.3. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos.	CSC CCL CMCCT CSC CD CSC CCL
a b c d e h	B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional.	B7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques.	HMCB7.5.1. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.	CSC CCL CAA
Bloque 8. A crise do bloque comunista				
a b c d e h i	B8.1. A URSS e as democracias populares.	B8.1. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.	HMCB8.1.1. Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín. HMCB8.1.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas. HMCB8.1.3. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación.	CSC CD CSC CMCCT CSC CAA CD CCL
a b c d e	B8.2. Irrupción de M. Gorbachov: Perestroika e Glasnost.	B8.2. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as	HMCB8.2.1. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de	CSC CCL

h		súas influencias.	Gorbachov.	
a b c d e h i	B8.3. Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas exsoviéticas.	B8.3. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas.	HMCB8.3.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI-Federación Rusa.	CSC CAA CMCCT
a b c d e h	B8.4. Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental.	B8.4. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental.	HMCB8.4.1. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.	CSC CCL
HMCB8.4.2. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental.			CSC CCL	
HMCB8.4.3. Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista.			CSC CAA CCL	
a b c d e h	B8.5. Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia.	B8.5. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.	HMCB8.5.1. Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa central e oriental tras a caída do muro de Berlín.	CSC CCL
HMCB8.5.2. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia			CSC CCL	
Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX				
a b c d e h m	B9.1. Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX.	B9.1. Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos.	HMCB9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX.	CSC CCL
HMCB9.1.2. Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet			CSC CAA CCL	
a b c d e h m	B9.2. Estado do benestar.	B9.2. Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá.	HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.	CSC CCL
a b	B9.3. Proceso de construción da Unión	B9.3. Explicar o proceso de construción da Unión	HMCB9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o	CSC CMCCT

c d e h	Europea: das Comunidades Europeas á Unión.	Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución.	proceso de construción da Unión Europea.	
a b c d e h	B9.4. Obxectivos e institucións da Unión Europea.	B9.4. Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura.	HMCB9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.	CSC CCL
a b c d e h	B9.5. Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90.	B9.5. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinais do Estado do benestar.	HMCB9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90. HMCB9.5.2. Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000.	CSC CMCCT CSC CD CAA
a b c d e h	B9.6. Xapón e os novos países asiáticos industrializados.	B9.6. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural.	HMCB9.6.1. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico.	CSC CAA CCL
Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica				
a b c d e g h m	B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. Atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado.	B10.1. Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual.	HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais. HMCB10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas. HMCB10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.	CSC CD CCL CAA CSC CD CCL CSIEE CSC CD CCL
a b c d e h	B10.2. A ameaza terrorista nun mundo globalizado.	B10.2. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características.	HMCB10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X	CSC CD CCL CAA

m			de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (cidadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.	
a b c d e h	B10.3. Europa: reto e unión.	B10.3. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas.	HMCB10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.	CSC CCL CAA
			HMCB10.3.2. Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas.	CSC CCL CAA
a b c d e h m n	B10.4. Trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11 de setembro de 2001.	B10.4. Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país.	HMCB10.4.1. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura.	CSC CD CCL CAA
a b c d e h n	B10.5. Hispanoamérica: situación actual.	B10.5. Analizar a evolución política, económica, social e cultural de Hispanoamérica.	HMCB10.5.1. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual.	CSC CCL CAA
a b c d e h m	B10.6. O mundo islámico na actualidade.	B10.6. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.	HMCB10.6.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade.	CSC CD CCL CAA
a b c d e h	B10.7. África islámica, subsahariana e Sudáfrica.	B10.7. Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas.	HMCB10.7.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano.	CSC CCL CAA
a b c d e	B10.8. A India e China do século XX ao XXI: evolución política, económica, social e de mentalidades.	B10.8. Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades	HMCB10.8.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India.	CSC CCL CAA
			HMCB10.8.2. Compara	CSC

h			aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África.	CCL CAA
Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.				
h l m	B11.1. Tempo histórico.	B11.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	CSC CMCCT CAA
e g h l m i	B11.2. Fontes históricas.	B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade.	HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.	CSC CD CAA CCL
e h i n	B11.3. Vocabulario histórico e artístico da Idade Contemporánea.	B11.3. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	CSC CCL

2. Secuenciación.

Distribuimos a programación do curso en **seis unidades**, dúas por cada avaliación:

Primeira avaliación:

Unidade 1: BASES DO MUNDO CONTEMPORÁNEO.

Contidos conceptuais:

1.1. Transformacións políticas.

O modelo de Estado Liberal.

Os nacionalismos.

1.2. Transformacións económicas.

A revolución industrial.

Capitalismo e liberalismo económico.

1.3. A sociedade de clases.

A burguesía.

O proletariado e o movemento obreiro.

Unidade 2: INDUSTRIALIZACIÓN E IMPERIALISMO.

Contidos conceptuais: Síntese explicativa das grandes transformacións acontecidas coa difusión da industrialización a finais do século XIX e ata a Primeira Guerra Mundial.

2.1. A difusión da industrialización.

Europa.

Países extraeuropeos.

2.2. Imperialismo e imperios coloniais.

Reparto de África.

Expansión colonial en Asia.

Os Estados Unidos.

2.3. A Primeira Guerra Mundial.

Segunda avaliación:

Unidade 3: A CRISE DOS ANOS 30.

Contidos conceptuais: Síntese explicativa das principais características da crise do sistema liberal capitalista construído durante o século XIX nos anos 30 e as súas manifestacións nos eidos económico e político.

3.1. A crise de entreguerras: Depresión e novos modelos económicos.

3.2. A crise do vello modelo político liberal.

A revolución soviética.

Os fascismos.

O modelo contemporáneo da democracia liberal.

3.3. A Segunda Guerra Mundial.

3.6. Comprensión dos procesos: Síntese cronolóxica e explicativa do proceso.

Unidade 4: A GUERRA FRÍA E A POLÍTICA DE BLOQUES.

Contidos conceptuais: Síntese explicativa das grandes transformacións acontecidas despois da Segunda Guerra Mundial:

4.1. O modelo de socialismo soviético.

Economía planificada.

Democracias populares e stalinismo.

4.2. O bloque “occidental” e a hexemonía dos EEUU.

Modelo económico: reconstrucción e crecemento económico.

Organizacións político-militares.

4.3. As organizacións supranacionais.

A ONU.

A UE.

4.4. Principais áreas de confrontación entre bloques.

As dúas Alemañas.

As guerras de Corea e Vietnam.

Cuba e Centroamérica.

O conflito de Oriente Medio.

África austral e Afganistán (...).

Terceira avaliación:

Unidade 5: A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO.

Contidos conceptuais: Síntese explicativa dos procesos de descolonización e dos problemas estruturais do Terceiro Mundo.

5.1. Bases teóricas dos movementos de descolonización.

5.2. A descolonización de África.

O antigo Imperio Británico: Sudáfrica.

As ex-colonias portuguesas.

5.3. Asia: A India e Paquistán.

5.4. Os países árabes.

5.5. Problemas do Terceiro Mundo: dependencia e subdesenvolvemento.

.

Unidade 6: O MUNDO ACTUAL.

Contidos conceptuais: aproximación ós principais problemas do mundo contemporáneo.

6.1. As intransixencias políticas, culturais e relixiosas: integrismos e racismos.

6.2. As desigualdades sociais e os movementos migratorios.

Os problemas demográficos.

Desigualdades internacionais, centro-periferia.

Desigualdades internas nos países do capitalismo central.

Diversas políticas ante o paro.

6.3. A situación da muller e os movementos de liberación.

6.4. Novos movementos sociais.

A crise do movemento obreiro tradicional.

O pacifismo.

Ecoloxismo.

Contidos mínimos

1. Identificar as transformacións máis relevantes operadas no século XIX e ata a Primeira Guerra Mundial, nos eidos demográfico, tecnolóxico, político e social, sinalando os distintos grados de influencia nunhas e noutras zonas do mundo, o papel hexemónico asumido por algunhas potencias e os conflitos suscitados entre elas.
2. Situar cronoloxicamente acontecementos e procesos relevantes da historia do mundo no século XX e analizar a súa vinculación con determinados personaxes, establecendo relacións entre a acción individual e os comportamentos colectivos.
3. Identificar e analizar, nun proceso histórico significativo, o funcionamento do sistema parlamentario, os factores que influíron no seu desenvolvemento e os que fixeron posible que nun momento determinado quebrara o réxime democrático.
4. Situar cronoloxicamente e distinguir as características dos períodos de expansión e recesión que experimentou a economía mundial contemporánea. Analizar nalgún caso significativo as implicacións que os períodos dun ou doutro signo teñen nas relacións sociais, modos de vida, etc.
5. Identificar as normas e intereses que regulan no século XX as relacións entre os Estados, analizando algún conflito bélico e a actitude das organizacións internacionais.

6. Sintetizar a evolución histórica dalgún dos países que sufríu un proceso de descolonización no século XX.
7. Analizar algún conflito ou cuestión de actualidade, de dimensión internacional.

Criterios de cualificación

O alumnado de Historia do Mundo Contemporáneo deberá ter:

Un dominio do vocabulario específico desta materia.

Un suficiente dominio da linguaxe escrita.

Saber ler, interpretar, analizar e comentar documentos históricos e historiográficos (textos, mapas, gráficos).

Saber definir conceptos.

Saber realizar unha análise ou comentario dun acontecemento histórico do pasado ou da actualidade.

Para establecer a cualificación teránse en conta as probas escritas realizadas o longo do curso, que poderán ser completadas coa realización de traballos temáticos e exercicios específicos por parte do alumnado.

En cada avaliación haberá unha –como mínimo- e unha recuperación posterior.

Para superar a materia deberán aprobarse as tres avaliacións (nota mínima 5 puntos sobre 10 en cada avaliación). Aqueles alumnos/as que non acaden unha avaliación positiva en xuño serán examinados de toda a materia no mes de setembro

IMPORTANTE: sempre que se manteña o ensino presencial, todos os exámenes e probas escritas deberán ser presenciais, en caso dunha suspensión temporal breve da actividade lectiva os alumnos/as deberán facer exámenes presenciais cando retornen a aula. Os exámenes online soamente serán realizados na circunstancia dun longo confinamento.

XEOGRAFIA 2º BACHARELATO

Introdución

A xeografía ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, e analiza a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e, ademais, que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao territorio galego, como referente e identidade próxima. Grazas a este coñecemento adquirido, a xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, a materia de Xeografía participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sustentable e o medio, como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, e imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes, e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona (UE, áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España) inclúense nun tema final que contextualizará España nas súas relacións coa UE e co resto do mundo. Ademais, a través destes coñecementos rescátanse os aspectos aprendidos polo alumnado que non deben perderse.

Os primeiros temas conteñen os coñecementos básicos para a construción do coñecemento xeográfico do país e para explicar a variedade de paisaxes de España.

A materia é rica en achegas ao desenvolvemento competencial. A competencia clave matemática e, moi especialmente, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están moi presentes, xa que en xeografía se require abordar aprendizaxes de feitos e procedementos propios das ciencias da terra ou da estatística. Do mesmo xeito, a competencias sociais e cívicas reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos propios da xeografía como o desenvolvemento sustentable, que ademais é un elemento transversal ao longo da etapa. Pola súa banda, as competencias lingüística e dixital (fronte á realidade ineludible da universalización da cartografía dixital e o tratamento cotiá das imaxes satélite), e a de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental.

Finalmente, o tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

OBXECTIVOS XERAIS.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia debe contribuír a que os alumnos e as alumnas desenvolvan as seguintes capacidades:

- θ Comprender e valora-la importancia do sentimento e do comportamento de territorialidade do ser humano, concretamente en Galicia e en España, desenvolvendo á vez sentimentos de pertenza a espazos supranacionais con actitude solidaria e participativa.
- θ Comprender e explicar, nas súas coordenadas temporais e espaciais, os principais procesos de ordenación do territorio español, caracterizando os

elementos xeoeconómicos que configuran España no seu conxunto e os que conforman a súa diversidade interna.

- θ Comprende-las consecuencias espaciais da integración de Galicia e de España na Unión Europea e da interacción con outros ámbitos xeopolíticos a nivel mundial.
- θ Saber argumenta-la desigual distribución xeográfica da poboación española, nas súas diferentes categorías, comprendendo a súa dinámica, a súa estrutura e os problemas demográficos que poidan formularse no futuro.
- θ Analiza-los distintos tipos de explotación e a utilización dos recursos polos grupos e polos individuos que forman parte dos diferentes medios con dinámicas ecoxeográficas distintas existentes en España, comprendendo fenómenos específicos como insularidade, aridez, illamento, etc.
- θ Comprender e emprega-los procedementos específicos do coñecemento xeográfico para explicar unha situación territorial, partindo das percepcións espontáneas e contrastándoas cos argumentos científicos para elaborar novas e verificables hipóteses a través de datos.
- θ Comprende-las características xeográficas que permiten identificarnos fronte a outros individuos que viven en diferentes países do mundo.
- θ Ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia, de España e de Europa e dos graves problemas producidos a causa de actuacións incorrectas: contaminación, degradación urbana, deforestación, degradación ambiental, desertización, etc.
- θ Identificar e conceptualiza-los diferentes elementos que configuran unha explicación xeográfica e coñecer e empregar un vocabulario científico adecuado.

Xeografía. 2º de bacharelato.				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico				
d e g i l	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.	XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.	CMCCT CAA CCL CD
d	B1.2. Características do	B1.2. Identificar o espazo	XHB1.2.1. Identifica as	CMCCT

e g i l	espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndose como centro de relacións humanas e sociais.	paisaxes xeográficas.	CAA CCL
			XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas.	CMCCT CAA
d g i l	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico	XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.	CMCCT CAA CD
d g i l	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.	B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.	XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.	CMCCT CAA CD
			XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.	CMCCT CD
d e g i l	B1.5. Técnicas cartográficas.	B1.5. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.	XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.	XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica				
d e g i l	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.	B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.	XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.	XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais.	XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España.	CMCCT CAA CCL

d e g i l	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.	XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.	XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.6. Corte topográfico: realización e análise.	B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.	XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.	B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.	XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España.	CMCCT CAA CCL
			XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación				
d g i l	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.	XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España.	CMCCT CA CD
d e g i l	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas.	B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciais.	XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes.	B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.	XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.	XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos.	CMCCT CAA CCL CD
d	B3.5. Situacións sinópticas e	B3.5. Analizar os tipos de	XHB3.5.1. Enumera os	CMCCT

e g i l	tipos de tempo atmosférico en España.	tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.	trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.	CAA CCL CD
			XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.	XB33.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l p	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.	XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais, utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.	CMCCT CAA CCL CD
d g i l	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	B3.8. Identificar as rexións vexetais.	XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliserias de vexetación.	B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.	XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparezan.	CMCCT CA CD
			XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 4. A hidrografía				
d e g i l	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.	B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.	XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.2. Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.	B4.2. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características.	XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as principais cuncas fluviais.	CMCCT CAA CCL CD
d	B4.3. Réximes fluviais predominantes.	B4.3. Identificar os réximes fluviais máis	XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos	CMCCT

g i l		característicos.	cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.	CAA
d e g i l	B4.4. Zonas húmidas en España.	B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características.	XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.5. Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais.	B4.5. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.	XHB4.5.1. Sitúa nun mapa da rede hidrográfica española os grandes encoros, e deduce consecuencias, analizando tamén as características climáticas.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB4.5.2. Analiza e comenta gráficas e estatísticas que reflicten as épocas de seca en relación cun mapa de tipos de réximes fluviais dos ríos da Península Ibérica, e saca conclusións.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B4.6. Augas subterráneas.	B4.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información.	XHB4.6.1. Selecciona imaxes e novas xornalísticas que reflictan a desigualdade hídrica española e a súa interacción coas actividades humanas.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade				
d e g i l	B5.1. Paisaxes naturais españolas.	B5.1. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos.	XHB5.1.1. Distingue as características dos grandes conxuntos paisaxísticos españois.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB5.1.2. Localiza no mapa as paisaxes naturais españolas e identifica as súas características.	CMCCT CAA CCL CSC
d e g i l p	B5.2. Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural.	B5.2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.	XHB5.2.1. Identifica e formula os problemas suscitados pola interacción entre persoa e natureza sobre as paisaxes.	CMCCT CAA CCL CSC
			XHB5.2.2. Analiza algún elemento lexislador correctivo da acción humana sobre a natureza.	CMCCT CAA CCL CSC
d e	B5.3. Os medios humanizados e a súa	B5.3. Describir os espazos humanizados e enumerar	XHB5.3.1. Diferencia as paisaxes humanizadas	CMCCT CAA

g i l p	interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.	os seus elementos constitutivos.	das naturais.	CCL
d e g i l p	B5.4. Aproveitamento sustentable do medio físico.	B5.4. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como en bibliografía ou medios de comunicación social.	XHB5.4.1. Selecciona e analiza as novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia do medio na actividade humana.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB5.4.2. Selecciona e analiza a partir de distintas fontes de información as novas xornalísticas ou imaxes nas que se perciba a influencia das persoas sobre o medio.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB5.4.3. Obtén e analiza a información que apareza nos medios de comunicación social referida á destrución do medio natural por parte do ser humano.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B5.5. Variedades de paisaxes naturais.	B5.5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais.	XHB5.5.1. Diferencia as paisaxes naturais españolas a partir de fontes gráficas e comenta imaxes representativas de cada unha das variedades de paisaxes naturais localizadas en medios de comunicación social, internet ou outras fontes bibliográficas.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 6. A poboación española				
d g i l	B6.1. Fontes para o estudo da poboación. Procedementos de análise en demografía.	B6.1. Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos.	XHB6.1.1. Utiliza as ferramentas de estudo da poboación.	CMCCT CAA CD
d e g i l	B6.2. Evolución histórica.	B6.2. Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española.	XHB6.2.1. Comenta a pirámide actual de poboación española e compáraa con algunha dun período anterior ou de previsións futuras.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB6.2.2. Distingue as pirámides de poboación na súa evolución histórica.	CMCCT CAA CCL CD
d e g	B6.3. Movementos naturais de poboación.	B6.3. Caracterizar a poboación española identificando os	XHB6.3.1. Aplica a teoría da transición demográfica ao caso español.	CMCCT CAA CCL

i l		movementos naturais.		CD
			XHB6.3.2. Elixe datos e taxas demográficas que amosen a configuración da poboación dun territorio.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.4. Distribución territorial da poboación.	B6.4. Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular, explicando a distribución de poboación.	XHB6.4.1. Comenta o mapa da densidade de poboación actual en España.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.5. Migracións.	B6.5. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións.	XHB6.5.1. Explica os procesos migratorios antigos que afectan a España.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB6.5.2. Identifica e analiza as migracións recentes.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB6.5.3. Explica as relacións entre comunidades autónomas en relación coas migracións interiores.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.6. Mapa da distribución da poboación española.	B6.6. Analizar a poboación das comunidades autónomas, definindo a súa evolución e a problemática de cada unha.	XHB6.6.1. Compara e comenta a poboación das rexións que medran e as que diminúen a súa poboación.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.7. Mapa de densidade da poboación española.	B6.7. Comentar un mapa da densidade de poboación de España, analizando a súa estrutura.	XHB6.7.1. Analiza un gráfico da estrutura da poboación española.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.8. Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas.	B6.8. Analizar as pirámides de poboación das comunidades autónomas, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades.	XHB6.8.1. Resolve problemas de demografía referidos ao cálculo de taxas de poboación.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.9. Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega.	B6.9. Explicar as perspectivas de poboación española e a ordenación do territorio.	XHB6.9.1. Selecciona e analiza información sobre as perspectivas de futuro da poboación española.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B6.10. Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico.	B6.10. Obter e seleccionar información de contido demográfico utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como noutras fontes de información.	XHB6.10.1. Presenta e defende información sobre a poboación española salientando os aspectos máis significativos, utilizando gráficos, mapas,	CMCCT CAA CCL CD

			pirámides, etc., nunha presentación informática ou en exposicións en directo.	
Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario				
d e g i l	B7.1. Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa.	B7.1. Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España.	XHB7.1.1. Identifica as actividades agropecuarias e forestais.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.1.2. Diferencia as actividades do sector primario doutras actividades económicas.	CCL CAA CD
d e g i l p	B7.2. Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios.	B7.2. Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfoloxía e as súas estruturas, establecendo as súas características.	XHB7.2.1. Sitúa nun mapa a distribución dos principais aproveitamentos agrarios.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.2.2. Achega os aspectos do pasado histórico que incidiron nas estruturas agrarias españolas.	CAA CCL
d e g i l p	B7.3. Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características.	B7.3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat.	XHB7.3.1. Selecciona e comenta imaxes que poñen de manifesto as características das paisaxes agrarias españolas.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l p	B7.4. Estrutura da propiedade e tenencia da terra.	B7.4. Comprender a evolución da estrutura da propiedade e identificar formas de tenza da terra.	XHB7.4.1. Define historicamente, de forma sumaria, a estrutura da propiedade	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l p	B7.5. Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais.	B7.5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións.	XHB7.5.1. Identifica e analiza as características das paisaxes agrarias españolas.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B7.6. Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC).	B7.6. Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea.	XHB7.6.1. Achega datos ou gráficos de aspectos estruturais que expliquen o dinamismo dun sector agrario dado.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB7.6.2. Comenta textos xornalísticos que expliquen a situación española na PAC.	CCL CAA
d e	B7.7. Actividade pesqueira: localización, características e	B7.7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os	XHB7.7.1. Establece as características e as peculiaridades da	CMCCT CAA

g i l p	problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego.	seus problemas.	actividade pesqueira española e galega.	CCL CD
			XHB7.7.2. Selecciona e analiza novas xornalísticas que tratan problemas pesqueiros e identifica a súa orixe.	CCL CAA
d e g i l p	B7.8. Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio.	B7.8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía.	XHB7.8.1. Confecciona gráficos comparativos do peso específico no PIB das actividades agrarias, gandeiras, forestal e pesqueiras españolas fronte a outros sectores de actividade.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial				
d e g i l	B8.1. Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica.	B8.1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual.	XHB8.1.1. Selecciona e analiza información sobre os problemas e a configuración da industria española.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB8.1.2. Establece un eixe cronolóxico para explicar a evolución histórica da industrialización española.	CCL CAA CMCCT
			XHB8.1.3. Selecciona e analiza imaxes que amosen a evolución histórica da industria española nunha zona concreta ou dun sector concreto.	CCL CAA CD
d e g i l	B8.2. Localización das fontes de enerxía en España.	B8.2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España.	XHB8.2.1. Relaciona o nacemento da industria e a localización de fontes de enerxía e materias primas en España.	CMCCT CAA CCL CDC
d e g i l	B8.3. Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español.	B8.3. Coñecer os factores da industria en España.	XHB8.3.1. Enumera as características da industria española e as súas diferenzas rexionais.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB8.3.2. Confecciona e analiza gráficas e estatísticas que expliquen as producións industriais.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B8.4. Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes.	B8.4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada.	XHB8.4.1. Analiza e comenta paisaxes de espazos industriais.	CMCCT CAA CCL CD
d	B8.5. Rexións industriais e eixes de desenvolvemento	B8.5. Describir os eixes de desenvolvemento	XHB8.5.1. Sinala nun mapa os asentamentos	CCL

e g i l	de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro.	industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro.	industriais máis importantes, distinguindo entre os sectores industriais.	CD CAA
			XHB8.5.2. Localiza e describe as rexións industriais e os eixes de desenvolvemento industrial.	CCL CAA CD
			XHB8.5.3. Describe os eixes ou focos de desenvolvemento industrial, e as súas perspectivas de futuro.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B8.6. Influencia da política da Unión Europea na configuración da industria española.	B8.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na bibliografía ou nos medios de comunicación.	XHB8.6.1. Describe as políticas industriais da Unión Europea e a súa influencia nas españolas.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 9. O sector servizos				
d e g i l	B9.1. Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario.	B9.1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos.	XHB9.1.1. Identifica as características do sector terciario español.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.2. Análise dos servizos e distribución no territorio.	B9.2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio.	XHB9.2.1. Explica a incidencia do sector servizos para a economía española.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.3. Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico.	B9.3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura.	XHB9.3.1. Describe como se articulan os medios de comunicación máis importantes de España (ferrocarrís, estradas, portos e aeroportos).	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.3.2. Comenta sobre un mapa de transportes a transcendencia que este sector ten para articular o territorio.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.3.3. Describe e analiza mapas que reflectan un sistema de transporte determinado.	CMCCT CAA CCL CD

			XHB9.3.4. Distingue nun mapa os principais nodos de transporte español.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB9.3.5. Resolve problemas formulados nun caso específico sobre vías de comunicación no noso país.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.4. Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial.	B9.4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características.	XHB9.4.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento comercial.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.5. Espazos turísticos: características e evolución.	B9.5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais.	XHB9.5.1. Analiza e explica as desigualdades do espazo turístico.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos.	B9.6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social.	XHB9.6.1. Comenta gráficas e estatísticas que expliquen o desenvolvemento turístico español. XHB9.6.2. Explica como articulan o territorio outras actividades terciarias. XHB9.6.3. Analiza e comenta imaxes do espazo destinado a transportes, comercial ou outras actividades do sector servizos.	CMCCT CAA CCL CD CMCCT CAA CCL CD CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B9.7. Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral.	B9.7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística.	XHB9.7.1. Confecciona esquemas para analizar a influencia do sector servizos na economía e no emprego en España, a partir de imaxes que reflectan o seu impacto nunha paisaxe.	CMCCT CAA CCL CD CSC
Bloque 10. O espazo urbano				
d e g i l	B10.1. Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio.	B10.1. Definir a cidade.	XHB10.1.1. Define cidade e achega exemplos.	CMCCT CAA CCL
d e g i	B10.2. Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade.	B10.2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados.	XHB10.2.1. Analiza e explica o plano da cidade máis próxima ao lugar de residencia, ou a máis significativa.	CMCCT CAA CCL CD

l p				
d e g i l	B10.3. Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento.	B10.3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas.	XHB10.3.1. Identifica as características do proceso de urbanización.	CMCCT CAA CCL
			XHB10.3.2. Explica e propón exemplos de procesos de planificación urbana.	CAA CCL
d e g i l p	B10.4. Características do proceso de urbanización. Áreas de influencia.	B10.4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade.	XHB10.4.1. Sinala a influencia histórica no plano das cidades españolas.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB10.4.2. Explica a morfoloxía urbana e sinala as partes dunha cidade sobre un plano desta.	CCL CD CAA
d e g i l p	B10.5. Características da paisaxe urbana.	B10.5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana.	XHB10.5.1. Comenta unha paisaxe urbana a partir dunha fonte gráfica.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB10.5.2. Selecciona e analiza imaxes que expliquen a morfoloxía e a estrutura urbana dunha cidade coñecida.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l p	B10.6. Usos do solo urbano. Ordenación territorial.	B10.6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio.	XHB10.6.1. Explica a xerarquización urbana española.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B10.7. Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades.	B10.7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características.	XHB10.7.1. Describe e analiza as influencias mutuas entre a cidade e o espazo que a rodea.	CMCCT CAA CCL
d e g i l p	B10.8. Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso.	B10.8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.	XHB10.8.1. Selecciona e analiza novas xornalísticas que amosen a configuración e a problemática do sistema urbano español.	CMCCT CAA CCL CD
Bloque 11. Formas de organización territorial				
d e g	B11.1. Organización territorial de España.	B11.1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local,	XHB11.1.1. Localiza e explica nun mapa a organización territorial española, partindo do	CMCCT CAA CCL

i l p		autonómica e estatal.	concello e da comunidade autónoma.	CD
d e g i l	B11.2. Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial.	B11.2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.	XHB11.2.1. Explica a ordenación territorial española a partir de mapas históricos e actuais.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB11.2.2. Caracteriza a ordenación territorial establecida pola Constitución de 1978.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB11.2.3. Compara a ordenación territorial actual e a da primeira metade do século XX.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB11.2.4. Distingue e enumera as comunidades autónomas, as principais cidades en cada unha e os países fronteirizos de España.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B11.3. Desequilibrios e contrastes territoriais.	B11.3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.	XHB11.3.1. Enumera os desequilibrios e os contrastes territoriais existentes na organización territorial española.	CMCCT CAA CCL
d e g i l p	B11.4. Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia.	B11.4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia.	XHB11.4.1. Explica as políticas territoriais que practican as comunidades autónomas en aspectos concretos.	CMCCT CAA CCL
d e g i l p	B11.5. A cuestión territorial na España das autonomías.	B11.5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.	XHB11.5.1. Distingue os símbolos que diferencian as comunidades autónomas.	CMCCT CAA CCL
			XHB11.5.2. Explica razoadamente os trazos esenciais das políticas territoriais autonómicas.	CAA CCL
Bloque 12. España en Europa e no mundo				
d e g i l	B12.1. España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política.	B12.1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios.	XHB12.1.1. Localiza nun mapa as grandes áreas xeoconómicas e sinala aquelas coas que España ten máis relación.	CMCCT CAA CCL CD
			XHB12.1.2. Identifica aspectos salientables de España na situación	CMCCT CAA CCL

			mundial.	CD
			XHB12.1.3. Localiza a situación española entre as grandes áreas xeoeconómicas mundiais.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B12.2. España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa.	B12.2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos.	XHB12.2.1. Explica a posición de España na Unión Europea.	CMCCT CAA CCL
d e g i l	B12.3. Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	B12.3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España.	XHB12.3.1. Extrae conclusións das medidas que a Unión Europea toma en política rexional e de cohesión territorial que afectan a España.	CMCCT CAA CCL
			XHB12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B12.4. España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.	B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos.	XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten a España.	CMCCT CAA CCL CSC
d e g i l	B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais.	B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos.	XHB12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial.	CMCCT CAA CCL CD
d e g i l	B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais.	B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social.	XHB12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica.	CMCCT CAA CCL CD

TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación: xeografía física (relevo, climas, vexetación hidrografía e solos)

2ª Avaliación: xeografía humana e urbanismo.

3ª Avaliación: actividades económicas (agricultura, industria, sector servicios)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os alumnos/ as realizarán unha ou dúas probas escritas por avaliación, e a continuación aqueles que non alcancen o aprobado terán a posibilidade de presentarse a unha proba de recuperación.

O modelo de exame será similar o establecido pola C.I.U.G.A para a selectividade: catro conceptos,(0,5 cada concepto) unha cuestión teórica a desenvolver, (3 puntos) un exercicio de localización (2 puntos) e un práctico (3 puntos).

Para superar as probas os alumnos/as deberán demostrar:

- Nivel de coñecementos dos contidos.
- Un uso axeitado do vocabulario propio da disciplina.
- Unha exposición clara e rigorosa, fuxindo da ambigüidade, apreciacións subxectivas e afirmacións gratuítas. As respostas deben aterse ao preguntado.

Aqueles alumnos/as que deban examinarse na convocatoria de setembro deberano facelo da totalidade da materia.

IMPORTANTE: sempre que se manteña o ensino presencial, todos os exámenes e probas escritas deberán ser presenciais, en caso dunha suspensión temporal breve da actividade lectiva os alumnos/as deberán facer exámenes presenciais cando retornen a aula. Os exámenes online soamente serán realizados na circunstancia dun longo confinamento.

HISTORIA DE ESPAÑA 2º BACHARELATO

Introdución

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre

homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da historia de España. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

1. OBXECTIVOS XERAIS.

O desenvolvemento desta materia debe contribuír a que as alumnas e os alumnos acaden as seguintes capacidades:

- θ Comprende-los principais procesos económicos, sociais, políticos e culturais que configuran a historia española recente, identificando os seus trazos máis significativos e analizando os factores que os conforman.
- θ Explicar, situándoos adecuadamente no tempo e no espazo, feitos e acontecementos relevantes da España e a Galicia contemporáneas, valorando a súa significación histórica e as súas repercusións no presente.

- θ Comprende-la dimensión internacional da historia española, adquirindo unha visión global dos problemas e proxectos colectivos que supere enfoques localistas e promova actitudes democráticas e tolerantes.
- θ Argumenta-las propias ideas sobre a sociedade e revisa-las de forma crítica tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuízos cunha actitude reflexiva e indagadora.
- θ Identificar e comprende-los problemas importantes da España e a Galicia do presente, analizando as súas raíces, evolución e consecuencias, e valorando os proxectos de futuro da sociedade da que forman parte.
- θ Analizar e explica-la pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual, comprendendo os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento cunha actitude solidaria e participativa na defensa de proxectos que leven a mitígalos.
- θ Iniciarse en traballos de investigación con pequenos estudos, informes e sínteses coherentes, manexando con seguridade os conceptos propios da Historia coa finalidade de extraer información de fontes directas, valorar interpretacións historiográficas e comproba-la validez das análises políticas e socioeconómicas.
- θ Valora-la pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, Estados e outras culturas.
- θ Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego é diferente ó das outras nacionalidades e autonomías que compoñen o Estado español, participando activamente na súa defensa e valorando a diversidade como un dereito dos pobos e individuos a súa identidade.

Historia de España. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns				
D e g h	B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.	B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc.,	HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe	CCL CD CAA CSC

i l m		e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade.	historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición.	CSIEE CCEC
D e h i l	B0.2. Análise e comentario de fontes.	B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos.	HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos.	CCL CAA CSC
H i l	B0.3. Utilidade das fontes.	B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos.	HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas.	CMCCT CAA CSC
D e h i l	B0.4. Mapas e liñas do tempo.	B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade.	HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as.	CMCCT CAA CSC
Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)				
D e h i l n p	B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza).	B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.	HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio.	CCL CCS
			HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.	CCEC
			HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións.	CCL CMCCT CSC
			HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.	CCL CAA CSC
			HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de	CCL CSC CCEC

			Tartessos e os colonizadores fenicios e gregos.	
			HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.	CAA CSC
			HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares.	CCL CSC CCEC
			HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza.	CCL CSC
			HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSIEE CCEC
			HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións.	CCL CSC
	Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)			
D e h i n	B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte.	B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron.	HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península.	CCL CSC
			HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns.	CMCCT CAA CSC
			HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus.	CCL CSC

			HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus.	CCL CSC CCEC
D e h i p	B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV); diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación.	B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.	HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media.	CCL CSC
			HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións.	CCL CSC
			HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media.	CCL CAA CSC
			HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias.	CCL CAA CSC
D e h i p	B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais.	B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características.	HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media.	CCL CSC
D e h i p	B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica.	B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental.	HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián.	CCL CMCCT CSC
D e g h m n p	B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas.	B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas.	HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución.	CCL CSC CCEC
			HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición.	CCL CD CAA CSIEE CCEC
Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)				

D e h i p	B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal.	B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade.	HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado.	CCL CSC
			HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492.	CCL CSC
			HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían.	CCL CAA CSC
D e h i	B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio.	B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II.	HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron.	CCL CAA CSC
			HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI.	CCL CSC
			HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana.	CCL CAA CSC
D e h i	B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica.	B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica.	HEB3.3.1. Describe a práctica do valemto e os seus efectos na crise da monarquía.	CCL CSC
			HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares.	CCL CSC
			HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa.	CCL CSC CAA
			HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640.	CCL CSC CAA
			HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias.	CCL CSC
			HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os	CMCCT CAA

			principais acontecementos históricos.	CSC
D e g h i m p	B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte.	B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.).	HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo.	CCL CD CAA CSC CCEC
Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)				
D e h i	B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia.	B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional.	HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito.	CCL CSC
			HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
			HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela.	CCL CSC
D e h i p	B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado.	B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica.	HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico.	CCL CSC
			HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns.	CCL CSC CAA
			HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real.	CCL CSC
			HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas.	CCL CSC
D e h i m p	B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América.	B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica.	HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior.	CCL CSC CAA
			HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector.	CCL CSC
			HEB4.3.3. Explica a política	CCL

			industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América.	CSC
D e h i m p	B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia.	B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España.	HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII.	CCL CSC
D e h i p	B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxeccionistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica.	B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión.	HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado.	CCL CAA CSC CCEC
			HEB4.5.2. Razona a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da ilustración.	CCL CSC CCEC
Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo				
D e h i p	B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.	B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España.	HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia.	CCL CSC
			HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.	CCL CSC
A d e h i p	B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.	B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo.	HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime.	CCL CSC CAA
			HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.	CCL CSC CAA
D e h i p	B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.	B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha.	HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.	CCL CSC
			HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente.	CCL CSC
			HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788	CMCCT CAA

			ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CSC
			HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	CCL CAA CSC
D e h i	B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España.	B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España.	HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.	CCL CSC
			HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.	CCL CSC
D e g h i l m n	B5.5. A obra de Goya como testemuño da época.	B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos.	HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.	CCL CD CSC CCEC
Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)				
D e h i p	B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas.	B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias.	HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais.	CAA CSC
			HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas.	CCL CSC
			HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
D e h i p	B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases.	B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais.	HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.	CCL CSC
			HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.	CCL CSC
			HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización	CCL CAA

			do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.	CSC
			HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra.	CCL CAA CSC
			HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.	CCL CSC CCEC
D e h i	B6.3. Proceso constitucional.	B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder.	HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845.	CCL CAA CSC
D e h i p	B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal.	B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país.	HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático.	CCL CSC
			HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.	CCL CSC
			HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas.	CAA CSC
C d e h i p	B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista.	B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional.	HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.	CCL CAA CSC
Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)				
D e h i p	B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral.	B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real.	HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.	CCL CAA CSC
			HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.	CCL CSC
			HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.	CCL CSC
			HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874	CMCCT

			ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CAA CSC
D e h i p	B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro.	B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado.	HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego.	CCL CSC CCEC
			HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX.	CCL CAA CSC CCEC
D e h i	B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba.	B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político.	HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII coas etapas precedentes do século XIX.	CCL CAA CSC
			HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista.	CCL CSC
D e h i	B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo.	B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias.	HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba.	CCL CSC
			HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.	CCL CSC
			HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.	CCL CSC CCEC
Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente				
D e h i l p	B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña.	B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa.	HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX.	CCL CSC
			HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX.	CCL CAA CSC
D e h i l p	B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a	B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas.	HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz.	CCL CSC
			HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da	CCL CSC

	<p>minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego.</p>		<p>agricultura española do século XIX.</p>	
			<p>HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX.</p>	<p>CCL CSC</p>
			<p>HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>
			<p>HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>
			<p>HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855.</p>	<p>CCL CSC</p>
			<p>HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>
			<p>HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna.</p>	<p>CCL CSC</p>
			<p>HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos.</p>	<p>CCL CSC</p>
			<p>HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX.</p>	<p>CCL CSC</p>
	<p>Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)</p>			
<p>D e h i p</p>	<p>B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces.</p>	<p>B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes.</p>	<p>HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas.</p>	<p>CCL CSC</p>
			<p>HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.</p>	<p>CMCCT CAA CSC</p>

			HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración.	CCL CAA CSC
D e h i	B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía).	B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos.	HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas.	CCL CSC
			HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España.	CCL CSC
			HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927.	CCL CSC
			HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias.	CCL CSC
D e h i	B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía.	B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións.	HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente.	CCL CSC
			HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate.	CCL CSC
			HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía.	CCL CSC
D e h i P	B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria.	B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX.	HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española.	CCL CSC
			HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.	CCL CSC
			HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX.	CCL CSC
Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)				
D e h i	B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración.	B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración,	HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise	CCL CAA CSC

		enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflictividade social.	económica mundial dos anos 30.	
			HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións.	CCL CAA CSC
A b d e h i p	B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar).	B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha.	HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República.	CCL CSC
			HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.	CCL CSC
			HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.	CCL CSC
			HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior.	CCL CSC CAA
			HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934.	CCL CSC
			HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.	CCL CSC
B d e h i p	B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra.	B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas.	HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.	CCL CSC
			HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.	CCL CAA CSC
			HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra.	CCL CAA CSC
			HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra.	CCL CSC
			HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes	CCL CSC

			fases da guerra, desde o punto de vista militar.	
			HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
D e g h i m n p	B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36.	B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas.	HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española.	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC
Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)				
B c d e h i p	B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973).	B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional.	HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.	CCL CAA CSC
HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha.			CCL CAA CSC	
HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista.			CCL CSC	
HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959.			CCL CSC	
HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.			CCL CSC	
HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.			CCL CSC	
HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.			CCL CSC CAA	
HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo			CCL CSC	

			nas súas etapas e a evolución económica do país.	
			HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.	CCL CSC
			HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.	CCL CSC
			HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
B d e g h i m p	B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema.	B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións.	HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.	CCL CD CSIEE CCEC
Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)				
A b d e h i p	B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuismo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas.	B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas.	HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.	CCL CSC
			HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición.	CCL CSC
			HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc.	CCL CSC
			HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.	CCL CSC
A b c d e	B12.2. Período constituinte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O	B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas	HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.	CCL CSC

h i p	caso de Galicia.	encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político.	HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco.	CCL CSC
A b c d e h i	B12.3. Gobiernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa.	B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfrenta e os efectos da plena integración en Europa.	HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.	CCL CAA CSC
			HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración.	CCL CAA CSC
			HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.	CCL CSC
			HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc.	CCL CSC
			HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos.	CMCCT CAA CSC
A b d e h	B12.4. Papel de España no mundo actual.	B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos.	HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.	CCL CSC

TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaluación

1. Dende A prehistoria ata as Cortes de Cádiz e constitución de 1812.
2. Fernando VII, periodo isabelino, sexenio democrático.

2ª Avaluación

1. A Restauración. A economía e sociedade do S. XIX.
2. A Dictadura de Primo de Rivera e IIª República.

3ª Avaluación

1. La guerra civil (1936-39) e franquismo.
2. A transición

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Estructura da proba: un comentario de textos (5 puntos), catro conceptos (2 puntos) e unha pregunta teórica (3 puntos) tal como se establece na proba de selectividade

Criterios de avaliación

- Nivel de coñecementos de contidos.
- Uso axeitado do vocabulario propio da materia.
- A exposición debe ser con rigor e claridade fuxindo de afirmacións gratuítas e apreciación subxectivas.
- Deben aterse ao preguntado evitando caer no escapismo e parafraseo dos textos.

Por cada avaliación realizaranse unha ou dúas probas escritas. A cualificación será a media dos parciais. A nota final será a media das obtidas nas avaliacións. Aqueles alumnos/as que non superen a avaliación terán a posibilidade de presentarse a un exame de recuperación.

IMPORTANTE: sempre que se manteña o ensino presencial, todos os exámenes e probas escritas deberán ser presenciais, en caso dunha suspensión temporal breve da actividade lectiva os alumnos/as deberán facer exámenes presenciais cando retornen a aula. Os exámenes online soamente serán realizados na circunstancia dun longo confinamento.

XEOGRAFIA E HISTORIA DE GALICIA 2º
BACHARELATO

Introdución

A realidade xeográfica e histórica de Galicia, como unha das tres nacionalidades históricas recollidas na Constitución española de 1978, debido a evidentes especificidades (xeográficas, históricas, culturais e mais unha lingua de seu), demanda o estudo científico dos aspectos históricos, xeográficos e antropolóxicos de maior transcendencia para coñecer e explicar a evolución e a situación da sociedade galega actual. Daquela, a materia de Xeografía e Historia de Galicia complementa os coñecementos e as competencias que lle achegan ao alumnado as materias de Historia de España, de Historia do Mundo Contemporáneo e de Historia da Arte, polo que debe afondar no coñecemento crítico das especificidades históricas de Galicia en perspectiva comparada co resto do Estado español e co contexto mundial.




A selección de contidos desta materia atende á descrición dos procesos e dos fenómenos máis salientables da conformación xeográfica e histórica de Galicia, cun tratamento en profundidade das transformacións da época contemporánea ata o presente. A dita selección de contidos fomenta, tamén, a aplicación de técnicas de análise de fontes diversas e perspectivas interpretativas específicas das ciencias sociais, así como o estudo do pasado na aula e no contexto escolar, como estratexia de ensino e aprendizaxe que favoreza a comprensión crítica da multicausalidade histórica e das características da Galicia actual. Os referidos contidos organizan cronoloxicamente e tematicamente os aspectos económicos, sociais, político-institucionais e culturais que marcaron o devir histórico de Galicia.

O estudo desta materia debe fomentar a capacidade para contextualizar cronoloxicamente e espacialmente o espazo xeográfico e os feitos e procesos históricos, interrelacionando as variables económicas, políticas, sociais e culturais. Deste xeito, o alumnado será quen de analizar fontes diversas, sintetizando a información e elaborando interpretacións razoadas e multicausais, utilizando para iso tanto o material bibliográfico e as fontes escritas como os medios propios das tecnoloxías da información e da comunicación dixital. A materia desenvolverá, tamén, as competencias clave.

Xa que logo, as competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios á xeografía e á historia de Galicia. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía tratarase moi especialmente a través das ciencias auxiliares da xeografía e da historia, como a estatística ou os métodos numéricos aplicados ás ciencias sociais. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental, potenciando deste xeito no alumnado as actitudes e as capacidades de investigación con criterio científico e metodolóxico, tolerancia, sentido crítico, predisposición ao diálogo, asunción de responsabilidades compartidas, respecto polo patrimonio cultural e ambiental de Galicia, e compromiso coa súa preservación e posta en valor. O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando distintos ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia de Galicia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as TIC

. Obxectivos xerais

O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia debe contribuir a que as alumnas e alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

-  Recoñecer a existencia de aspectos específicos que definen a Galicia como nacionalidade histórica e que se refiren ó medio natural e ó xeito de ser este dominado por homes e mulleres, á peculiaridade da súa evolución histórica e ó peso da formación en común dunha tradición cultural.
-  Analizar os mecanismos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuir activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
-  Explicar que a evolución histórica de Galicia, aínda nos aspectos específicos, está relacionada coa historia española, europea e mundial.

- ✍ Analizar as características da cultura galega actual nos seus trazos máis sinalados: o peso da tradición, a capacidade de supervivencia e a necesidade de acadar unha dimensión universalista.
- ✍ Distinguir e analizar os elementos básicos manexados na explicación da sociedade galega, nas súas manifestacións tanto temporais como espaciais, e saber apreciar e relacionar a importancia e a xerarquia dos diversos factores que inflúen nela.
- ✍ Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento dos feitos sociais no contexto galego, tendo en conta os factores externos e internos que o condicionan, para comprender a situación actual de Galicia desde unha posición razoada.
- ✍ Valorar a pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (español) e a unha cultura universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, Estados e culturas.
- ✍ Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego é diferente ó doutras nacionalidades e autonomías que compoñen o Estado español, participando activamente na súa defensa e valorando a diversidade e o dereito dos pobos e individuos a súa identidade.

Xeografía e Historia de Galicia. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque1. Aspectos metodolóxicos				
1. D 2. e 3. g 4. h 5. i 6. l 7. p	8. B1.1. Localización no tempo e no espazo e contextualización dos procesos, as estruturas e os acontecementos relevantes da xeografía e a historia de Galicia, identificando os elementos que contribuíron a configurar os trazos da paisaxe, das formas de poboamento e da sociedade galega actual. Coñecemento das ferramentas e dos métodos propios da ciencia xeográfica. Análise de planos, mapas e representacións gráficas. Dominio do	9. B1.1. Coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas básicas de investigación en ciencias sociais, como seleccionar a información relevante en fontes diversas primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e analízala criticamente no marco das explicacións actuais sobre o pasado colectivo e a conformación da identidade xeográfica e histórica galega, utilizando con rigor o vocabulario específico da materia.	10. XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación. 14. XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega.	11. CAA 12. CD 13. CCEC 15. CAA 16. CD 17. CCEC 18. CSC

	<p>concepto de espazo xeográfico.</p> <p>Método histórico: procura, selección e interpretación da información procedente de diversas fontes primarias e secundarias (textos, mapas, gráficos, imaxes, documentación familiar e persoal, prensa e arquivos locais), así como a fornecida polas tecnoloxías da información e da comunicación, para elaborar explicacións históricas rigorosas por escrito ou oralmente.</p> <p>Elaboración de traballos sobre procesos e feitos destacados da historia e da xeografía de Galicia, aplicando as técnicas de investigación propias das ciencias sociais no contorno espacial e relacional do alumnado, formulando explicacións en perspectiva comparada cos marcos español, europeo e global.</p>			
Bloque 2. O medio físico de Galicia: relevo, clima e formas de hábitat				
19. 20. 21. 22. 23.	24. B2.1. Características físicas do territorio galego: formación do relevo, unidades xeomorfolóxicas, acción erosiva e tipos de solo.	25. B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico galego, situando e analizando as súas unidades de relevo.	26. XHGB2.1.1. Identifica e coñece as unidades xeomorfolóxicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica.	27. CMCCT 28. CAA
29. 30. 31.	32. B2.2. Variantes climáticas de Galicia e factores que as determinan.	33. B2.2. Distinguir as variantes climáticas galegas, sinalando os elementos e os factores que as conforman.	34. XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc.	35. CMCCT 36. CAA 37. CD
38. 39. 40. 41.	42. B2.3. Rede hidrográfica de Galicia.	43. B2.3. Describir as cuncas fluviais galegas e analizar o aproveitamento destes recursos hídricos.	44. XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable.	45. CMCCT 46. CD 47. CSC
48. 49. 50. 51. 52. 53.	54. B2.4. Paisaxes naturais galegas.	55. B2.4. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais de Galicia e relacionar o medio natural coa actividade humana.	56. XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana.	57. CMCCT 58. CD 59. CCEC
Bloque 3. A poboación e os sectores produtivos de Galicia				
60. 61. 62. 63. 64.	65. B3.1. Fontes e procedementos para o estudo da demografía de Galicia. Evolución histórica e realidade actual: Distribución territorial da poboación. Desequilibrios entre a costa e o interior.	66. B3.1. Analizar a realidade demográfica galega e a súa evolución histórica, e comprender os factores que a determinan e a cuestión do avellentamento poboacional. Identificar as redes urbanas	67. XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia.	68. CMCCT 69. CD 70. CCEC 71. CSC

	<p>Movimentos naturais de poboación.</p> <p>Migracións históricas e actuais: razóns estruturais e conxunturais.</p> <p>Espazo urbano de Galicia. Eixe atlántico.</p>	de Galicia.		
72. 73. 74.	75. B3.2. Evolución histórica dos sistemas de explotación agraria, gandeira e forestal en Galicia. Pesca e acuicultura. Política agraria común (PAC).	76. B3.2. Identificar o espazo rural e as actividades do sector primario (agricultura e gandaría). Apreciar a importancia do mar na economía e na sociedade galegas (evolución das técnicas de pesca e industrialización do sector), así como os riscos e as oportunidades da explotación forestal.	77. XHGB3.2.1. Identifica e coñece as actividades propias do sector primario, así como a modernización agraria de Galicia experimentada a partir do primeiro terzo do século XX.	78. CSC 79. CSIEE
80. 81. 82.	83. B3.3. Fontes de enerxía e espazo industrial galego. Proceso de industrialización en Galicia. Fortalezas e debilidades dos sectores industriais galegos.	84. B3.3. Recoñecer os factores da industria en Galicia. Describir os eixes de desenvolvemento industrial. Identificar as liñas mestras da problemática industrial galega.	85. XHGB3.3.1. Analiza as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade.	86. CD 87. CSIEE
88. 89.	90. B3.4. Terciarización da economía galega. Influencia no PIB. Análise dos servizos e distribución do territorio. Transportes: eixes de fluxo comercial. Espazos turísticos como realidade e oportunidade de futuro.	91. B3.4. Analizar a terciarización da economía galega, utilizando as fontes dispoñibles na rede e na bibliografía. Coñecer as pautas do seu desenvolvemento e os seus sectores.	92. XHGB3.4.1. Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega, e comenta gráficas e estatísticas que expliquen a articulación do tecido comercial e as súas múltiples interrelacións.	93. CSC 94. CSIEE 95. CD
Bloque 4. As raíces históricas de Galicia				
96. 97. 98. 99. 100.	101. B4.1. Prehistoria de Galicia: Primeiras pegadas do ser humano en Galicia: Paleolítico. Grandes depósitos de Portomaio, Arbo, as Gándaras de Budiño e a cova Eirós en Triacastela. Home de Cro-Magnon: depósito de Cova da Valiña en Castroverde. Megalitismo e Idade dos Metais. Apertura das primeiras relacións atlánticas de intercambio. Cultura castrexa. Transición definitiva do acampamento á aldea, entendida como o paso dun sistema tradicional, baseado nun réxime económico de modelo itinerante, á plena sedentarización. Progresiva aparición de grandes poboacións como os paradigmáticos de Santa Tegra, Vigo,	102. B4.1. Recoñecer e valorar os procesos máis significativos para a formación histórica da identidade de Galicia. Coñecer a cronoloxía dos feitos culturais da prehistoria, as principais estacións arqueolóxicas e as características principais dos achados materiais, e valorar a súa significación documental.	103. XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico. 107. XHGB4.1.2. Analiza a evolución da metalurxia e a súa vinculación coas rutas atlánticas de intercambio. 111. XHGB4.1.3. Describe a evolución do mundo castrexo e coñece os principais depósitos arqueolóxicos, tanto costeiros como do interior.	104. CCL 105. CAA 106. CSC 108. CAA 109. CSC 110. CMCCT 112. CCL 113. CCEC

	San Cibrán de Las ou Elviña, cunhas novas concepcións urbanísticas e considerables estruturas defensivas.			
114. 115. 116. 117.	118. B4.2. Incorporación da Fisterra atlántica á civilización romana: Conquista romana do Noroeste peninsular. Proceso de romanización: organización administrativa e institucional da Gallaecia; cambios no poboamento e na estrutura social; novos usos económicos; desenvolvemento cultural do Noroeste peninsular.	119. B4.2. Explicar a globalidade do fenómeno coñecido como a romanización, os novos usos sociais e económicos, e a articulación viaria do territorio.	120. XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización.	121. CCL 122. CCEC
123. 124. 125.	126. B4.3. Reino suevo, avances na cristianización e integración na monarquía visigoda.	127. B4.3. Procurar información sobre a monarquía sueva, o seu ámbito territorial e a súa organización, e explicar as circunstancias que a levaron a verse dominada polos visigodos.	128. XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social.	129. CCL 130. CAA 131. CSC
132. 133. 134. 135. 136. 137. 138. 139. 140.	141. B4.4. Galicia na Idade Media: Características da sociedade feudal galega; integración no reino astur-leonés; primeira acepción de Galicia como Reino e o seu mantemento honorífico ao longo do Antigo Réxime. Expansión artesanal, comercial e urbana arredor dos camiños de Santiago e das zonas costeiras: Compostela e Pontevedra. Auxe do monacato. Mudanzas baixomedievais: crise demográfica; economía urbana e vilega: conflitos sociais e guerras imandiñas; pacificación do territorio e nova administración estendida polos Reis Católicos.	142. B4.4. Analizar os fundamentos xeopolíticos da mudante estrutura dos reinos peninsulares en permanente dialéctica con Al-Andalus e o papel representado polo territorio galego. Entender a evolución dos tempos medievais cara ao restablecemento das producións artesanais e os intercambios comerciais, baixo os parámetros dunha sociedade fondamente estamental, valorando a importancia cardinal do camiño de Santiago.	143. XHGB4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso. 146. XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social. 149. XHGB4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan.	144. CSC 145. CAA 147. CSC 148. CCL 150. CCEC 151. CD
Bloque 5. Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)				
152. 153. 154.	155. B5.1. O Reino de Galicia no Antigo Réxime. A integración dunha sociedade tradicional nos presupostos da monarquía hispánica.	156. B5.1 Analizar e explicar os cambios estruturais producidos en Galicia durante o Antigo Réxime no contexto peninsular e europeo.	157. XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época.	158. CCL 159. CSC
160. 161. 162. 163.	164. B5.2. Éxito dunha sociedade tradicional: demografía galega no Antigo Réxime.	165. B5.2. Explicar as peculiaridades do intenso crecemento da demografía galega na Idade Moderna, a	166. XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas.	167. CD 168. CAA 169. CMCCT

		pronta superación da crise do século XVII e o forte crecemento experimentado no século XVIII, facendo referencia ao caso específico de Ferrol en relación co establecemento do arsenal e do estaleiro real.		
170. 171. 172.	173. B5.3. Actividades económicas: economía de base agraria; manufacturas artesanais e iniciativas protoindustriais (transformacións nos sectores do curtume, a pesca e a metalurxia); exemplo de Sargadelos; comercio interior e exterior (intercambios con América); establecemento do arsenal de Ferrol.	174. B5.3. Analizar a estrutura xeral dun sistema produtivo de Antigo Réxime de base agraria e economía de subsistencia. Explicar as claves de acumulación de capital necesarias para o desenvolvemento comercial e manufactureiro.	175. XHGB5.3.1. Elabora traballos sobre o desenvolvemento da economía galega de Antigo Réxime.	176. CD 177. CMCT
178. 179. 180. 181.	182. B5.4. A sociedade galega durante a Idade Moderna: elites rurais (nobreza absentista e fidalguía rendista), campesiñado, diversos sectores do clero, comerciantes, e artesáns e artesás nas vilas e nas cidades. Formas de vida e mentalidades colectivas dos grupos sociais.	183. B5.4. Describir as características da sociedade estamental galega do Antigo Réxime.	184. XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas sociais na Idade Moderna.	185. CCL 186. CSC
187. 188. 189. 190.	191. B5.5. Institucións políticas do Antigo Réxime; organización do territorio e reformismo borbónico en Galicia: Real Audiencia, Xunta do Reino, corrixidores e intendentés, fábricas e arsenais. Ilustración en Galicia: ensino, ciencia, pensamento e cultura letrada; reflexións de arbitristas e ilustrados.	192. B5.5. Describir as principais institucións galegas da Idade Moderna: Xunta do Reino de Galicia, Real Audiencia, Real Intendencia e concellos.	193. XHGB5.5.1. Describe as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica.	194. CSC
Bloque 6. Inercias e transformacións: Galicia no tránsito ao liberalismo				
195. 196. 197. 198.	199. B6.1. Absolutistas e liberais: Papel da Igrexa; guerra contra Francia; problema carlista e expansión do liberalismo nas cidades durante o reinado de Fernando VII. Implantación da nova estrutura político-administrativa e institucional do Estado liberal en Galicia durante o reinado de Isabel II. Provincialismo.	200. B6.1. Caracterizar as grandes correntes ideolóxicas e os movementos sociopolíticos que propiciaron a evolución histórica da Galicia contemporánea, desde una sociedade rexida baixo o predominio dos grupos sociais tradicionais ata o triunfo do liberalismo.	201. XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa.	202. CCL 203. CAA 204. CSC
205. 206.	207. B6.2. Dificil tránsito da sociedade e a demografía galega cara á modernidade:	208. B6.2. Describir as dificultades do tránsito dunha economía e unha estrutura demográfica	209. XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego.	210. CMCTT 211. CD 212. CSC

	<p>Esgotamento do complexo agrario e crise das manufacturas domésticas na primeira metade do século XIX: desaxustes demográficos e comezos da emigración masiva a América.</p> <p>Desigual balance do proceso desamortizador.</p> <p>Permanencias no mundo rural e os cambios lentos nas vilas e cidades: devalar das vellas elites rurais e formación dunha pequena burguesía comercial de orixe foránea.</p>	<p>tradicional cara á modernidade.</p>	<p>213. XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia.</p>	
<p>214. 215. 216.</p>	<p>217. B6.3. Galicia na Restauración: as quendas e o fenómeno do caciquismo. Redes clientelares dos partidos dinásticos como mecanismo de exercicio do poder; organizacións políticas dos novos grupos sociais; mobilización agrarista do campesiñado.</p>	<p>218. B6.3. Explicar a arquitectura do proceso político e institucional ideado por Cánovas del Castillo e a súa aplicación en Galicia. Fortalezas e debilidades da quenda pacífica.</p>	<p>219. XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.</p>	<p>220. CCL 221. CSC 222. CCEC</p>
<p>Bloque 7. Galicia no camiño da modernización (1874-1936)</p>				
<p>223. 224.</p>	<p>225. B7.1. Unha sociedade en cambio: Evolución demográfica e éxodo ultramarino: características e consecuencias da emigración de retorno.</p> <p>Auxe da burguesía industrial e comercial; proletarización do campesiñado; desaparición da fidalguía; persoas retornadas da emigración.</p> <p>Transformacións no sistema agrario galego: mercantilización das pequenas explotacións familiares, privatización dos montes comunais, especialización produtiva, e aplicación dos avances científicos e tecnolóxicos nas primeiras décadas do século XX.</p> <p>Desenvolvemento industrial e comercial: pesca, sector hidroeléctrico, comunicacións e sistema financeiro; orixes da banca galega.</p>	<p>226. B7.1. Describir as características da industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia do primeiro terzo do século XX, e os conflitos sociopolíticos derivados deses cambios estruturais.</p>	<p>227. XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas.</p>	<p>228. CCL 229. CMCTT 230. CSC 231. CCEC</p>
<p>232. 233. 234.</p>	<p>235. B7.2. Afundimento do sistema político da Restauración e procura de solucións democráticas. II República e primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia.</p> <p>Evolución política de Galicia desde o Rexionalismo ata</p>	<p>236. B7.2. Explicar a evolución política de Galicia durante a II República ata o comezo da Guerra Civil.</p>	<p>237. XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións.</p>	<p>238. CCL 239. CSC 240. CCEC</p>

	<p>a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo; Estatuto de 1936.</p> <p>Polarización da sociedade galega durante a II República. Primeiras formas de participación feminina en política.</p>			
Bloque 8. Galicia durante a Guerra Civil e o Franquismo				
241. 242. 243. 244.	<p>245. B8.1. Guerra Civil:</p> <p>Sublevación militar e papel durante a Guerra Civil e a posguerra.</p> <p>Posguerra: fame, racionamento e estraperlo; consecuencias económicas e sociais da política autárquica durante o primeiro franquismo.</p>	<p>246. B8.1. Analizar a Guerra Civil e coñecer as características esenciais da posguerra e a economía autárquica propia do primeiro franquismo.</p>	<p>247. XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais.</p>	<p>248. CCL</p> <p>249. CSC</p> <p>250. CCEC</p> <p>251. CAA</p>
252. 253. 254. 255.	<p>256. B8.2. Anos do desenvolvemento e tardofranquismo:</p> <p>Pegada das políticas de desenvolvemento en Galicia: transformacións económicas e sociais; consecuencias dos plans de desenvolvemento en Galicia.</p> <p>Tardofranquismo: inestabilidade política, apoios e oposición ao réxime.</p>	<p>257. B8.2. Diferenciar as características do franquismo na súa evolución no tempo, especificando as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron.</p>	<p>258. XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais.</p>	<p>259. CCL</p> <p>260. CSC</p> <p>261. CCEC</p> <p>262. CSIEE</p>
Bloque 9. Galicia na actualidade				
263. 264. 265. 266.	<p>267. B9.1. Realidade galega actual:</p> <p>Proceso autonómico e consecución do Estatuto no contexto da transición á democracia en España.</p> <p>Evolución política da Galicia autonómica; construción dunha administración propia desde 1977 á actualidade.</p>	<p>268. B9.1. Describir as características do proceso autonómico en Galicia, identificar as características do Estatuto de autonomía no marco da Constitución de 1978 e coñecer as organizacións e os persoeiros que protagonizaron os cambios políticos, económicos, sociais e culturais na Galicia do último cuarto do século XX.</p>	<p>269. XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental.</p>	<p>270. CAA</p> <p>271. CSC</p> <p>272. CCEC</p>
273. 274. 275. 276. 277.	<p>278. B9.2. Integración na Unión Europea e novos retos sociais e económicos:</p> <p>Proceso da integración na Unión Europea: consecuencias estruturais para os sectores produtivos e para a sociedade galega.</p> <p>Cambios sociais, económicos e culturais: construción do Estado de benestar e posta en valor dos propios recursos.</p>	<p>279. B9.2. Analizar a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado español en comunidades autónomas, e a importancia do ingreso na Unión Europea, que achegou as condicións de vida da sociedade galega aos niveis de liberdades políticas e benestar da Europa máis desenvolvida. Analizar e describir as dificultades e as oportunidades que se lle</p>	<p>280. XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado.</p>	<p>281. CAA</p> <p>282. CSC</p> <p>283. CCEC</p>

		presentan na actualidade á sociedade galega.		
--	--	--	--	--

Periodización

1ª Avaliación: xeografía

2ª Avaliación: historia antiga e medieval

3ª Avaliación: historia moderna e contemporánea

Sistema de avaliación

Para avaliar as alumnas e alumnos teremos en conta os seguintes instrumentos:

Un dominio do vocabulario específico desta materia.

Un suficiente dominio da linguaxe escrita.

Saber ler, interpretar, analizar e comentar documentos históricos e historiográficos (textos, mapas, gráficos).

Saber definir conceptos.

Saber realizar unha análise ou comentario dun acontecemento histórico do pasado ou da actualidade.

Para establecer a cualificación teránse en conta as probas escritas, que poden ser substituídas por traballos realizados o longo do curso.

Aqueles alumnos/as que non acaden unha avaliación positiva en xuño serán examinados de toda a materia no mes de setembro.

Para superar a materia deberán aprobarse as tres avaliacións (nota mínima 5 puntos sobre 10 en cada avaliación).

IMPORTANTE: sempre que se manteña o ensino presencial, todos os exámenes e probas escritas deberán ser presenciais, en caso dunha suspensión temporal breve da actividade lectiva os alumnos/as deberán facer exámenes presenciais cando retornen a aula. Os exámenes online soamente serán realizados na circunstancia dun longo confinamento.

HISTORIA DA ARTE 2º DE BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN.

Quero destacar a importancia desta materia como disciplina académica xa que as obras de arte, xunto con outras fontes de coñecemento histórico, constitúen un valioso testemuño para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades; neste caso da nosa, a Occidental.

Por outra banda, o coñecemento da historia da arte consolida nos alumnos e nas alumnas certos valores e actitudes fundamentais, como a tolerancia e o respecto polos valores e as crenzas das demais persoas, a capacidade de satisfacción ante a contemplación da arte, o respecto pola creación artística, aínda que non exento de espírito crítico, e de forma moi especial a valoración do patrimonio artístico e a responsabilidade da súa conservación, xa que se trata dun legado que se lles debe transmitir ás xeracións futuras.

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS OU ESPECÍFICOS.

O desenvolvemento desta materia ten que contribuír a que as alumnas e os alumnos adquiran as seguintes capacidades:

- a) Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e a evolución das súas funcións sociais ó longo da historia.
- b) Entender as obras de arte na súa globalidade, como expoñentes da creatividade humana, susceptibles de ser admiradas por si mesmas e de ser valoradas como documento testemuñal dunha época e dunha cultura.
- c) Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos da arte occidental, situándoos no tempo e no espacio e valorando a súa pervivencia en etapas posteriores.
- d) Aprender a manexarse cun vocabulario específico de termos artísticos.
- e) Utilizar un método de análise e comentario que permita coñecer con rigor as obras de arte, desenvolvendo, á vez, a sensibilidade e a imaxinación.

- f) Realizar as actividades de documentación e de indagación nas que se analicen, contrasten e interpreten informacións diversas sobre aspectos da Historia da Arte.
- g) Coñecer, gozar e valorar o patrimonio artístico, contribuíndo de forma activa á súa conservación e rexeitando os comportamentos que o deterioreen ou mingúen.
- h) Contribuír á formación do gusto persoal, á capacidade de goce estético e ó sentido crítico, e aprender a expresar sentimentos propios ante a contemplación da obra de arte.

Estes obxectivos de materia marcarán os contidos de todas e cada una das unidades didácticas da nosa programación.

3. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias considéranse como coñecemento na práctica, “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A materia de Historia da Arte é, xa que logo, rica en achegas ao coñecemento competencial. A **competencia clave de conciencia e expresións culturais** recibe un tratamento moi específico, relacionado cos contidos que son propios da historia da arte. A **competencia social e cidadá** desenvólvese tamén en tanto que a arte reflicte as ideoloxías, as estruturas económicas e políticas e as formas de organización social que conforman as sociedades. Ademais, as **competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender** están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A

competencia clave de **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e procedementais da materia.

4. CONTIDOS.

Os contidos organízanse en grupos temáticos que son os seguintes:

1. Contidos Comúns a todas as unidades didácticas.

- a) A arte como expresión humana nun tempo e nun espazo: significado da obra de arte na nosa cultura occidental.
- b) Uso dunha linguaxe técnica axeitada. Importancia da linguaxe iconográfica.
- c) O Traballo artístico no seu contexto histórico. Función social da arte en diferentes épocas: artistas, mecenas e clientes.
- d) Aplicación dun método de análise e interpretación de obras de arte significativas con respecto aos estilos e artistas importantes.
- e) Elaboración de valoracións críticas e persoais sobre obras de arte concretas de distintos períodos estilísticos, considerando o contexto no que foron creadas.
- f) Actitude activa fronte á conservación do patrimonio artístico e o seu coñecemento, así como ante a súa transmisión a outras persoas da entorna.

O resto dos contidos consistirá nunha visión diacrónica dos distintos estilos artísticos da arte occidental, desde o nacemento do clasicismo na antigüidade grecorromana ata a arte contemporánea e que o propio currículo reparte en seis bloques:

1. **Raíces da arte europea: o legado da arte clásica.**
2. **Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval.**
3. **Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno.**
4. **O século XIX: a arte dun mundo en transformación.**
5. **A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX.**
6. **A universalización da arte desde a segunda metade do século XX**

4.1.1. OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A Historia da Arte é unha disciplina que polos seus valores intrínsecos ten un elevado potencial para contribuír á formación integral dos alumnos, incluíndo, pola súa natureza humanística, a maioría dos chamados contidos transversais como parte do seu

currículo oculto: **Educación para os dereitos humanos e a paz** (obras de arte que tratan temas violentos), **Educación para a igualdade entre os sexos** (cuestionar a ausencia de mulleres artistas) e **Educación multicultural** (preguntarnos por que so traballamos fundamentalmente estilos e obras da arte occidental).

Por outra banda, destacar o concepto de **interdisciplinaridade**, é dicir, a relación entre as distintas áreas e materias curriculares, á que debe de contribuir o docente buscando e enlazando aspectos da súa disciplina con outras: **Historia Universal, Literatura Universal, Xeografía, Historia da Filosofía, Debuxo artístico, Debuxo técnico...**

Con respecto ao **fomento da lectura**, podemos traballar cos alumnos por exemplo, material de prensa ou de revistas especializadas –tanto impresas como dixitalizadas-, de onde podamos extraer novas de actualidade, artigos de opinión, reportaxes, etc, en torno a cuestións relacionadas coa historia da arte.

E finalmente, pero non por iso menos importante, é fundamental a integración das **TIC ou Novas Tecnoloxías** na aula; tanto por parte do profesorado na súa metodoloxía didáctica, como por parte do alumnado á hora de buscar información ou de exponer traballos en público. Neste senso, é imprescindible contar cun aula que dispoña de ordenador con conexión a internet e a un proxector coa súa correspondente pantalla.

4.1.2. METODOLOXÍA

- **PRINCIPIOS DIDÁCTICOS XERAIS.**

A metodoloxía que vou empregar no ensino desta materia de Historia da Arte parte dos principios do constructivismo, é dicir, os alumnos deben construír a súa propia aprendizaxe, actuando o profesor como un guía mediador. Para iso, se empregarán dúas estratexias metodolóxicas clave: o ensino receptivo, baseado nunha aprendizaxe significativa, e o ensino por descubrimento, onde o traballo do alumno deberá de ser de carácter moito máis emprendedor.

- **RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Os recursos sobre os que apoia a miña PD son, basicamente, os seguintes: Os materiais curriculares básicos (libro de texto, fotocopias) que aportan o material necesario para o ensino dos conceptos, e que ademais actúan de fonte de información; os mapas conceptuais e esquemas que permiten estruturar os contidos (Anexo II); o emprego das TIC nas explicacións na aula (power points, breves documentais, fragmentos de películas), e que

tamén van servir como fonte indispensable de información para a realización de actividades e traballos por parte do alumnado (páxinas web especializadas); e, finalmente, as actividades fóra da aula que contribúen a valorar, in situ, o patrimonio artístico do noso país e ademáis soen ser moi motivadoras para o alumnado.

4.1.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES E RESULTADOS DE APRENDIZAXE AVALIABLES, INDICADORES DE LOGRO (RÚBRICAS) E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Como o propio Decreto sinala: *“Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe [que non son máis que concrecións dos propios criterios] que figuran nos anexos I, II e III a este decreto.”* Así pois, *“os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para os alcanzar.”* Polo que se refire á nosa materia de Hª da Arte, eses estándares de aprendizaxe aparecen especificados no Anexo I (materias troncais) distribuídos ao longo dos distintos bloques de contidos, e que eu procedín a repartilos na miña PD por unidades didácticas.

Por exemplo: Comprender e valorar as diferencias na concepción da arte e a evolución das súas funcións sociais ao longo da historia; Utilizar con rigor a terminoloxía artística; Clasificar, analizar e comentar obras significativas; Valorar as obras de arte do noso patrimonio artístico, etc.

Máis adiante, no Decreto nos atopamos co seguinte: *“A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada -individualizada- segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.”*

E tamén, “O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.” Eses indicadores de logro que no Decreto non aparecen detallados por bloques de contidos, foron tamén incluídos na miña PD a continuación dos estándares de aprendizaxe para cada unha das unidades didácticas.

Todos estes criterios mencionados póñense en marcha mediante dous tipos de procedementos de avaliación: As actividades na aula e a proba escrita.

As ACTIVIDADES DA AULA serven para valorar conceptos, procedementos e actitudes, mediante:

- a) **Preguntas** en clase que nos serven para comprobar que o alumno traballa diariamente.
- b) **Dossier de traballo** que inclúe distintos tipos de actividades sobre as unidades didácticas, tales como elaboración de glosarios de termos artísticos, de mapas conceptuais ou esquemas, e comentarios de láminas de arte.
- c) E, finalmente, os **traballos e exposicións na aula**, que lle achega ao alumno ás actividades de investigación, expresión escrita e exposición oral.

As PROBAS serven para avaliar os conceptos e os procedementos, e deberían de estar relacionadas coa Avaliación Final de Bacharelato, que se menciona no Decreto, co fin de resolver dous obxectivos: a avaliación do alumno e a preparación do mesmo para o seu acceso á universidade, o cal é un dos obxectivos xerais do bacharelato.

Esta será a súa estrutura (Anexo III):

1. Análise e comentario de dúas imáxenes artísticas valorarase cun máximo de 8 puntos.
2. Definicións de 4 termos artísticos valorarase cun máximo de 2 puntos.

A avaliación realizarase cada trimestre, xa que logo, en dúas fases: unha de proceso e outra final.

A AVALIACIÓN DE PROCESO ten como finalidade valorar o progreso da aprendizaxe do alumno e a eficacia da actividade docente. Esta fase da avaliación responde ao principio de avaliación continua, permitindo recoller información do alumno ao longo de todo o proceso (glosarios de termos, mapas conceptuais ou esquemas, comentarios de láminas de arte, traballos de investigación e preguntas na aula).

En canto á AVALIACIÓN FINAL, nela procederase a valorar os resultados globais cuantitativa e cualitativamente. Esta avaliación, realizarase cada dúas ou tres unidades didácticas, nun total non superior de dúas por avaliación, así deberíamos de dispor do nivel suficiente de datos para poder cualificar ao alumno.

TRIMESTRE 1º	<p>Proba nº 1:</p> <p>U.D1: Arte Grega.</p> <p>U.D 2: Arte Romana.</p> <p>U.D 3: Primeira Arte Cristiá e Bizantina.</p>	<p>Proba nº 2:</p> <p>U.D 4: Arte Prerrománica e Románico.</p> <p>U.D 5: Arte Gótica.</p>
TRIMESTRE 2º	<p>Proba nº 3:</p> <p>U.D 6: Renacemento.</p> <p>U.D 7: Barroco.</p> <p>U.D 8: Rococó e Neoclasicismo.</p>	<p>Proba nº 4:</p> <p>U.D 9: Romanticismo e Realismo.</p> <p>U.D 10: Impresionismo e Postimpresionismo.</p>
TRIMESTRE 3º	<p>Proba nº 5:</p> <p>U.D 11: Vangardas Históricas.</p> <p>U.D 12: Arquitectura moderna: século XX.</p>	<p>Proba nº 6:</p> <p>U.D 13: As artes plásticas na segunda metade do século XX.</p> <p>U.D 14: Arte e novos sistemas visuais.</p> <p>U.D 15: Patrimonio artístico e súa conservación.</p>

A continuación procederáse á CUALIFICACIÓN que procederá do resultado obtido nas probas, xa que valoran os conceptos e procedementos.

Unha vez concluída a avaliación final, para aqueles alumnos que non superasen o mínimo requirido permitiráselles a realización dunha actividade de RECUPERACIÓN POR AVALIACIÓN, nesta inclúese a explicación persoal ao alumno das causas do suspenso, a resolución colectiva das dúbidas e realización dunha nova

proba nun prazo de semana, semana e media, tempo suficiente para que adquiran os coñecementos que necesiten para a súa superación.

A final de curso, ofrecerase a aqueles alumnos que suspendesen unha ou máis recuperacións a posibilidade de realizar un exame final para superala. No mesmo caso se atoparían aqueles alumnos que perderan o dereito de avalición trimestral debido á ausencia continuada e sen xustificar ás aulas. Se un alumno suspende o exame final quedará automaticamente suspenso para setembro.

As probas de recuperación de carácter extraordinario, convocatoria de setembro, que marca a lei constarán dun único exame de tipo escrito onde, a través de cuestións teóricas e de exercicios prácticos, o alumno deberá demostrar ter superados os contidos mínimos da materia.

IMPORTANTE: sempre que se manteña o ensino presencial, todos os exámenes e probas escritas deberán ser presenciais, en caso dunha suspensión temporal breve da actividade lectiva os alumnos/as deberán facer exámenes presenciais cando retornen a aula. Os exámenes online soamente serán realizados na circunstancia dun longo confinamento.

4.1.4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A avaliación inicial permítenos detectar o alumnado con necesidades educativas especiais, para o cal se adaptarán as actividades educativas sen modificar substancialmente o currículo oficial tal como se prescribe para o Bacharelato.

As actividades dispoñibles para iso serán:

AS ACTIVIDADES DE REFORZO: para os alumnos con problemas de aprendizaxe, co fin de que alcancen os contidos mínimos, propoñeranse este tipo de actividades dentro das actividades da aula. Exemplo: se estivésemos a estudar o Barroco español, a realización dun comentario-guiado sobre unha obra de arquitectura, outra de escultura e outra de pintura.

AS ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN: están pensadas para aqueles alumnos que poden e deben profundizar na aprendizaxe dos contidos. Teñen unha metodoloxía similar ás actividades de reforzo pero coa excepción de que o seu carácter é máis analítico. Seguindo co exemplo anterior do Barroco español, unha posible ampliación

sería a realización dun traballo-comentario sobre as Meninas de Velázquez en profundidade, os seus personaxes, as súas múltiples interpretacións, etc.

Tanto unhas como outras deben cumprir dúas características esenciais:

1. Non deben ser demasiado fáciles e por iso pouco motivadoras.
2. Non deben ser demasiado difíciles e por iso desmotivadoras.

5. SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Distribuíñ os 7 bloques de contido do Decreto en 15 unidades didácticas. Fíxeno así porque considero que esta forma de distribuír o contido da materia goza dun indiscutible valor pedagóxico xa que cada unidade didáctica corresponde a un estilo artístico concreto ou a un conxunto coherente de estilos, ademais a maior parte dos manuais utilizan esta división, polo que se facilita a comprensión do contido ao alumnado.

En cada unidade didáctica traballei: os obxectivos didácticos, as competencias, os contidos, as actividades de ensino-aprendizaxe, os materiais e recursos didácticos empregados, os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, os indicadores de logro e a temporización.

As unidades didácticas repartíronse no total de 126 sesións de que normalmente se dispón ao longo dun curso de Segundo de Bacharelato. Atopamos unidades ás que corresponde tan só 4 sesións como o Patrimonio artístico e súa conservación e outras cun máximo de 14 sesións como a Arte Renacentista ou 9 As Vangardas; esta distribución obedece á extensión dos contidos, así como ao grao de dificultade dos mesmos e probas de cualificación.

Na primeira avaliación veranse as cinco primeiras unidades didácticas, desde a arte grega ata o Gótico. A segunda avaliación iníciase co Renacemento, un estilo que inagura á Idade Moderna coa volta ao clasicismo, e termina co Postimpresionismo, “pistoletazo de saída” das Vangardas e a arte contemporánea. Finalmente, a última avaliación iníciase coas artes plásticas no século XX e finalizará coa arte nunha sociedade de masas e unha reflexión sobre a conservación e posta en valor do Patrimonio artístico.

UNIDADE 1: ARTE GREGA (12 sesións)

Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica

A) Obxectivos

- Valorar a arte clásica como referencia cultural no mundo occidental.
- Comprender os principios humanistas e racionais que determinan a arte clásica.

- Resumir os aspectos cruciais que caracterizan o contexto histórico e cultural da arte grega.
- Empregar un vocabulario artístico axeitado para o campo da Historia da Arte, e, en particular, para a arte grega.
- Realizar a análise e comentario das obras, destacando o modelo explicativo, no comentario dunha obra arquitectónica ou escultórica.
- Realizar a exposición oral dunha obra de arte.
- Coñecer as características esenciais que definen o modelo de templo construído na antiga Grecia e as principais manifestacións arquitectónicas en función da súa evolución.
- Enunciar, entender e aplicar as características máis importantes dentro da escultura grega, en función da súa cronoloxía.
- Valorar a conservación das obras de arte, como forma de preservar un patrimonio de incalculable valor.

B) Contidos

- Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións.
- A función social da arte en Grecia.
- Comentario de obras de arte: Grecia.

C) Actividades

- Apunta os termos propios da arte grega e as súas definicións.
- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte grega.
- Comenta, mediante imaxes, as diferentes ordes gregas.
- Elabora un esquema para analizar e comentar unha obra arquitectónica.
- Comenta e expón oralmente as principais obras arquitectónicas da Acropole ateniense.
- Elabora un esquema para analizar e comentar unha obra escultórica.

- Comenta e expón oralmente a evolución da escultura grega con exemplos concretos.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar a exposición oral dunha obra de arte.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
- Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas.
- Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.
- Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e á decoración escultórica.
- Describe as características do teatro grego e a función das súas partes.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro.
- Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "*Kouros*" de Anavysos, o "Doríforo" "*Doríforo*" (Policleto) e o "*Apoxiomenos*" (Lisipo).

- Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fi-dias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Medea (Escopas), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea).

F) Indicadores de logro

- Identifica as características da arte grega empregando un vocabulario artístico axeitado.
- Distingue as tres ordes da arquitectura grega.
- Describe os tipos de templo grego.
- Sinala as características do teatro grego e as súas funcións.
- Analiza a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir de obras relevantes.
- Identifica aos principais clientes da arte grega e a relevancia dos seus artistas.
- Analiza e comenta obras arquitectónicas e escultóricas gregas.
- Realiza unha exposición oral dunha obra de arte.
- Valora a importancia de manter o patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 2: ARTE ROMANO (8 sesións)

Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica

A) Obxectivos

- Coñecer o contexto histórico e o marco xeográfico en que se desenvolve a arte romana.
- Recoñecer as influencias gregas e etruscas que recibe a arte romana.

- Aplicar o vocabulario artístico xeral e aquel máis propio da arte romana na análise das distintas obras de arte.
- Entender a arte romana como unha arte ao servizo dos gobernantes dun imperio de finalidade práctica e militar.
- Coñecer as principais tipoloxías arquitectónicas, a súa función, o seu método construtivo e as obras arquitectónicas máis relevantes da arte romana e definir os elementos que marcan o urbanismo romano.
- Analizar e comentar obras significativas da arquitectura romana.
- Coñecer as motivacións e a importancia do retrato e do relevo histórico na arte romana, así como as principais obras escultóricas e pictóricas.
- Analizar e comentar obras significativas da escultura romana.
- Realizar a exposición oral dunha obra de arte.
- Recoñecer as principais manifestacións e características da arte da Hispania romana e en concreto en Galicia.
- Buscar información e elaborar un traballo de investigación.
- Valorar a conservación das obras de arte, como forma de preservar un patrimonio de incalculable valor.

B) Contidos

- Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia.
- Función social da arte en Roma.
- Comentario de obras de arte: Roma.
- Traballo de investigación sobre historia da arte.
- Conservación do patrimonio: arte grecorromana

C) Actividades

- Apunta os termos propios da arte romana e as súas definicións.
- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte romana.

- Analiza, comenta e expón oralmente as principais obras arquitectónicas da arquitectura romana.
- Analiza, comenta e expón oralmente obras que mostren a evolución do retrato e do relevo histórico na arte romana.
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar e expor individualmente unha obra de arte, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.
- Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo.
- Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega.
- Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.
- Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.
- Explica os trazos principais da cidade romana.
- Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega.
- Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma.

- Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano.
- Realiza a exposición oral dunha obra de arte.
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.

F) Indicadores de logro

- Identifica as características da arte grega empregando un vocabulario artístico axeitado.
- Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos.
- Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.
- Explica os trazos principais da cidade romana.
- Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega.
- Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas.
- Identifica, analiza e comenta obras arquitectónicas e escultóricas romanas.
- Realiza unha exposición oral dunha obra de arte.
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia.
- Valora a importancia de manter o patrimonio artístico en xeral, e o galego en particular.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 3: PRIMEIRA ARTE CRISTIÁ E BIZANTINA (7 sesións)

Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval

A) Obxectivos

- Situar espacial e temporalmente as primeiras manifestacións da arte cristiá e recoñecer as súas orixes nos primeiros tempos do cristianismo.
- Identificar e analizar a arte paleocristiá, as súas características formais e a súa linguaxe iconográfica, así como coñecer como desenvolve unha arte simbólica e expresiva baseado na doutrina cristiá.
- Coñecer os trazos xerais da arte bizantino e as innovacións que introduce.

- Aplicar o vocabulario artístico xeral e aquel relativo a estes dous estilos na análise e comentario de obras de arte.
- Realizar unha exposición oral dunha obra de arte.
- Valorar a necesidade de protexer o patrimonio artístico.

B) Contidos

- Achega cristiá na arquitectura e na iconografía.
- Comentario de obras de arte paleocristiá.
- Arte bizantina.
- Comentario de obras de arte bizantina

C) Actividades

- Apunta os termos propios da arte paleocristiá e bizantina e as súas definicións.
- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte paleocristiá e bizantina.
- Analiza, comenta e expón oralmente unha basílica paleocristiá.
- Analiza, comenta e expón oralmente a igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abranxa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar a exposición oral dunha obra de arte.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo.
- Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá.
- Explica as características esenciais da arte bizantina.

- Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla.
- Realizar e expor individualmente unha obra de arte, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte paleocristiá e bizantina, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza unha exposición oral dunha obra de arte.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 4: ARTE PRERROMÁNICA E ROMÁNICO (12 sesións)

Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval

A) Obxectivos

- Recoñecer as achegas artísticas dos distintos pobos e culturas que se asentaron en Europa na formación de estilos prerrománicos.
- -Coñecer os estilos prerrománicos presentes na Península Ibérica e en concreto, a arte prerrománica en Galicia.
- Aplicar de forma precisa os termos artísticos xerais e aqueles máis propios da arte prerrománica.
- Analizar e comparar os distintos edificios prerrománicos nunha secuencia espacio-temporal na Península Ibérica.

- Entender as manifestacións artísticas do románico como reflexo dunha época, unha sociedade e unha cultura concretas, as desenvolvidas en Europa entre os séculos X e XIII.
- Identificar a arte románica como unha arte ao servizo da Igrexa e identificar os trazos xerais que definen a arte románico nas súas distintas manifestacións artísticas, así como os símbolos e iconografía que axudan a entender o significado das obras.
- Distinguir as distintas fontes e influencias que formaron a arte románica.
- Analizar e comentar as obras arquitectónicas e escultóricas máis significativas do románico peninsular e galego, e distinguir os trazos que as caracterizan.
- Realizar a exposición oral dunha obra de arte
- Valorar a necesidade de protexer o patrimonio artístico en xeral, e o galego en particular.

B) Contidos

- Arte prerrománica.
- Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica.
- Función social da arte románica.
- Comentario de obras de arte románica.

C) Actividades

- Apunta os termos propios da arte prerrománica e románica e as súas definicións.
- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte prerrománica e románica.
- Escolle tres igrexas de distintos estilos prerrománicos, compáraas, coméntaas e exponas na aula.
- Analiza e comenta alguna igrexa románica, e realiza unha exposición oral.
- Analiza e comenta a catedral de Santiago como exemplo de igrexa de peregrinaxe. Fai unha exposición oral.
- Compara a diferente obra escultórica románica da catedral de Santiago de Compostela e realiza unha exposición na aula.

- Visita a Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense)
- Visita á catedral románica de Ourense.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as relacións entre eles.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Expón oralmente unha obra de arte.

E) Estándares de aprendizaxe

- Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia.
- Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: Santa María do Naranco (Oviedo), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).
- Describe as características xerais da arte románica.
- Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica.
- Describe as características e as funcións das igrexas e dos mosteiros na arte románica.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela.

- Explica as características da escultura románica, con especial referencia á iconografía.
- Identifica, analiza e compara as esculturas románicas da portada de Praterías e as do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.
- Compara as esculturas do Pórtico da Gloria (Santiago de Compostela) co Pórtico do Paraíso (Ourense)
- Valora, in situ, a necesidade de conservar e protexer o patrimonio artístico.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da Arte prerrománica, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte prerrománica e románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza unha exposición oral dunha obra de arte.
- Valora a importancia de manter o noso patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 5: ARTE GÓTICA (9 sesións)

Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval

A) Obxectivos

- Comprender a natureza dos cambios sociais, económicos, culturais e relixiosos que determinaron as manifestacións artísticas góticas.
- Descubrir as principais características da arquitectura, a escultura e a pintura góticas.
- Especificar as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.

- Aplicar de forma precisa os termos artísticos xerais e aqueles máis propios da arte gótica.
- Analizar e identificar os trazos distintivos da arte cisterciense e a súa influencia nas posteriores solucións arquitectónicas da arte gótica.
- Identificar e recoñecer os principais elementos constructivos que definen a arquitectura gótica, así como as principais características das súas edificacións relixiosas e civís.
- Recoñecer as características máis significativas da escultura gótica, así como a diversidade dos seus campos de aplicación, os seus principais centros de produción, os artistas e as obras máis representativas.
- Analizar e identificar os trazos distintivos da pintura gótica, as técnicas, os estilos, as obras e as principais achegas dos artistas. As Vidreiras e artes aplicadas.
- Aplicar de forma precisa os termos artísticos propios da arte gótica.
- Analizar e comentar obras significativas da arte gótica.
- Realizar a exposición oral dunha obra de arte
- Buscar información e elaborar un traballo de investigación.
- Valorar o patrimonio cultural e artístico.

B) Contidos

- A reforma do Císter: As abadías.
- Achega do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.
- Función social da arte gótica.
- Comentario de obras de arte cisterciense e gótica.
- Traballo de investigación sobre historia da arte.
- Conservación do patrimonio: arte medieval.

C) Actividades

- Apunta os termos propios da arte cisterciense e gótica e as súas definicións.
- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte cisterciense e gótica.
- Analiza e comenta a igrexa de Santa María de Oseira (Ourense), e realiza unha exposición oral.
- Comenta algunha das construcións góticas máis relevantes e preséntaa na aula.
- Analiza e comenta algunha escultura gótica e compáraa coas do Románico. Realiza unha exposición oral.
- Elabora un esquema para clasificar, analizar e comentar unha obra pictórica do gótico.
- Comenta e compara distintos tipos de pintura gótica e expono oralmente.
- Visita ao mosteiro de Santa María de Oseira (Ourense).
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte medieval que se conservan en Galicia.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte cisterciense e gótica, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar exposicións orais de obras de arte cistercienses e góticas.
- Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

E) Estándares de aprendizaxe

- Describe as características e a evolución da arquitectura cisterciense e gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica.
- Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.
- Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina.
- Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes.
- Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.
- Identifica, analiza e comenta unha igrexa do Císter: Santa María de Oseira.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París.
- Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto", de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, e o "Xardín das Delicias", de Hieronymus Bosch.
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.
- Valora, in situ, a necesidade de conservar e protexer o patrimonio artístico.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte cisterciense e gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte cisterciense e gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza a exposición oral dunha obra de arte.
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia.
- Valora a importancia de manter o noso patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 6: O RENACEMENTO (14 sesións)

Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

A. Obxectivos

- Coñecer a revolución artística e humanista que ten as súas orixes en Italia no século XV e XVI, coñecida co nome de Renacemento, e comprender o contexto histórico no que xurdiron as obras de arte renacentistas.
- Entender o Renacemento como unha época na que a arte se converte nunha actividade intelectual e o artista empeza a ser recoñecido e a reivindicar a autoría das súas obras.
- Identificar os elementos arquitectónicos e escultóricos que se recuperan da Antigüidade clásica grecorromana, recoñecendo as novas técnicas e formas artísticas que achega o Renacemento e que serán imitadas ao longo de toda a historia da arte.
- Coñecer os principais artistas do Quattrocento e do Cinquecento, así como as súas principais obras e técnicas aplicadas nelas.

- Recoñecer as manifestacións específicas da arquitectura en España, recoñecendo as principais obras e artistas.
- Aplicar de forma precisa os termos artísticos xerais e aqueles máis propios da arte renacentista.
- Analizar e comentar obras salientables da arte renacentista.
- Realizar a exposición oral dunha obra de arte.
- Valorar a importancia de conservar o patrimonio cultural e artístico.

A) Contidos

- Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.
- Función social da arte no Renacemento
- Comentario de obras de arte: arte do Renacemento.
- A recepción da estética renacentista na Península Ibérica.
- Comentario de obras de arte: arte española do Renacemento.

A) Actividades

- Apunta os termos propios da arte renacentista e as súas definicións.
- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte renacentista cos seus períodos.
- Analiza, comenta e expón mediante obras representativas as novidades aportadas en arquitectura, escultura e pintura no Quattrocento.
- Analiza, comenta e expón mediante obras representativas as novidades aportadas en arquitectura, escultura e pintura no Cinquecento.
- Elixe tres edificios do Renacemento español dos diferentes subestilos, compáraos e coméntaos brevemente. Realiza unha exposición oral.
- Comenta unha obra do Greco e expona na aula.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar unha exposición oral dunha obra de arte facendo uso de medios tradicionais como das novas tecnoloxías.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización.
- Especifica as características da arquitectura. Escultura e pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.
- Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos.
- Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor.

- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trindade", de Masaccio; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano.
- Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano.
- Describe a evolución da arquitectura renacentista española.
- Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas.
- Identifica, analiza e compara as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de

Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera.

- Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores".
- Realiza exposicións de obras de arte do renacemento italiano e español.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte renacentista, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte renacentista, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza a exposición oral dunha obra de arte.
- Valora a importancia de manter o patrimonio artístico en xeral, e o español en particular.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 7: O BARROCO (12 sesións)

Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

A) Obxectivos

- Identificar os fundamentos políticos e relixiosos da arte barroca.
- Valorar a idea de unificación das artes que preside a arte barroca.
- Entender o Barroco como resultado da influencia da Igrexa católica na arte e comprender o estilo barroco como unha arte escenográfico e dramático e, á vez, de propaganda da fe.
- Entender o Barroco como arte de propaganda das monarquías absolutas.

- Analizar os trazos propios do Barroco italiano e identificar algunhas das súas principais obras.
- Coñecer os focos de creación e os principais ámbitos artísticos da arte barroca española e galega, en particular.
- Identificar os trazos que definen a arquitectura, a escultura e pintura do Barroco español e galego, recoñecendo os principais artistas e as súas obras máis importantes.
- Aplicar de forma precisa o vocabulario artístico xeral e o máis propio da arte barroca na análise das obras de arte.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte barroca.
- Realizar unha exposición oral dunha obra de arte
- Valorar a importancia de conservar o patrimonio cultural e artístico.

B) Contidos

- Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias.
- Función social da arte no Barroco.
- Comentario de obras de arte: arte do Barroco.
- Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinaría barroca. Achega da pintura española: grandes figuras do Século de Ouro.
- Comentario de obras de arte: arte española do Barroco.

C) Actividades

- Apunta os termos propios da arte barroca e as súas definicións.
- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte barroca europea e española.
- Comenta algunha das construcións do barroco italiano e francés e fai unha exposición.

- Comenta as construción máis representativas do barroco galego.
- Comenta algunha escultura do barroco italiano e expona na aula.
- Comenta algunha escultura da imaxinería barroca española.
- Comenta unha obra do Caravaggio e expona na aula.
- Comenta unha obra do Velázquez e expona na aula.
- Visita a igrexa e analiza a fachada de Santa Eufemia (Ourense).

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española e galega do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar exposicións orais das obras de arte.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica as características esenciais do Barroco.
- Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista.
- Compara a arquitectura barroca coa renacentista.
- Explica as características xerais do urbanismo barroco.

- Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de "David" por Donatello e por Bernini.
- Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante.
- Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Baldaquino de San Pedro".
- Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Santo Enterro", de Caravaggio.
- Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española e galega durante o século XVII.
- Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII.
- Explica as características xerais da pintura española do século XVII.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco galego: fachada do Obradoiro, torre da Berenguela e convento de Santa Clara.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Cristo xacente", de Gregorio Fernández.
- Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas.

- Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "O augador de Sevilla", "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez.
- Realiza exposición orais destas obras da arte barroca.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte barroca europea, española e galega, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte barroca europea, española e galega, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza a exposición oral dunha obra de arte.
- Valora a importancia de manter o noso patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 8: ROCOCÓ E NEOCLASICISMO (6 sesións)

Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno

A) Obxectivos

- Coñecer as correntes e os movementos artísticos que se suceden desde mediados do século XVIII ata principios do século XIX como estilos que poñen punto final a unha época: O Antigo Réxime.
- Comprender os grandes cambios sociais, políticos, económicos e culturais que determinan este novo estilo.
- Distinguir na arte neoclásica o modelo grecorromano que se asume e a correspondencia entre a forma, a función e a sobriedade ornamental.

- Aplicar de forma precisa o vocabulario artístico na análise e comentario das obras de arte.
- Realizar unha exposición oral dunha obra de arte
- Buscar información e elaborar un traballo de investigación.
- Valorar a importancia de conservar o patrimonio cultural e artístico en xeral, e o galego en particular.

B) Contidos

- Século XVIII. Refinamento rococó. Neoclasicismo.
- Comentario de obras de arte: arte do século XVIII.
- Traballo de investigación en historia da arte.
- Conservación do patrimonio: arte moderna.

C) Actividades

- Apunta os termos propios da arte neoclásica e as súas definicións.
- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte neoclásica europea e española.
- Comenta algunha das construcións do neoclasicismo e fai unha exposición.
- Comenta algunha escultura do neoclasicismo e expón na aula.
- Comenta unha obra pictórica de David e expón na aula.
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar e expor individualmente obras de arte, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.
- Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.
- Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.
- Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova.
- Especifica as características na pintura de David.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat".
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte neoclásica europea e española, en relación co seu contexto histórico e cultural.

- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte neoclásica europea e española aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza unha exposición oral dunha obra de arte.
- Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en España.
- Valora a importancia de manter o noso patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 9: ROMANTICISMO E REALISMO (8 sesións)

Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación

A) Obxectivos

- Coñecer e distinguir as distintas etapas e obras significativas da pintura de Goya e valorar a súa importancia no conxunto da historia da arte e como precursor de estilos posteriores.
- Identificar e valorar o predominio do sentimento e da espontaneidade na arte do período romántico.
- Recoñecer no Realismo o reflexo da vida cotiá e identificar os seus caracteres como consecuencia da situación política e social do momento.
- Aplicar de forma precisa o vocabulario artístico máis apropiado na clasificación, análise e comentario de obras de arte do romanticismo e do realismo.
- Realizar unha exposición oral dunha obra de arte.
- Valorar a importancia de conservar o patrimonio cultural e artístico.

B) Contidos

- A figura de Goya.
- Comentario de obras de arte: Goya.
- Evolución da pintura: Romanticismo, Realismo.

C) Actividades

- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte do romanticismo e do realismo.
- Escolle tres obras de Goya pertencentes a distintos momentos da súa traxectoria artística e comentádeas en grupos de tres.
- Encadra a figura de Goya nos acontecementos histórico-políticos que lle tocou vivir.
- Comenta algunha obra pictórica das que ilustran a unidade.

D) Criterios de avaliación

- Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.
- Clasificar, analizar, comparar, comentar e expor obras significativas de Goya, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
- Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, polos salóns, as galerías privadas e os marchantes.
- Clasificar, analizar, comentar e expor obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Respetar as creacións da arte do século XIX, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

E) Estándares de aprendizaxe

- Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu período das pinturas negras.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; desastre nº 15 ("E non hai remedio") da serie "Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo".
- Describe as características do Romanticismo na pintura.
- Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.
- Compara o Realismo co Romanticismo.
- Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxeles", de Millet.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do romanticismo e do realismo, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte do romanticismo e do realismo aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza a exposición oral dunha obra de arte.
- Valora a importancia de manter o patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 10: IMPRESIONISMO E POSTIMPRESIONISMO (8 sesións)

Bloque 4. O século XIX: a arte dun mundo en transformación

A) Obxectivos

- Identificar as características da pintura impresionista e recoñecer a transcendencia do Impresionismo na historia da arte e a súa influencia no desenvolvemento das novas correntes no século XX.
- Recoñecer os principais precursores do Impresionismo e as influencias que exerceron.
- Coñecer os principais representantes do Impresionismo pictórico e da escultura do século XIX, recoñecendo as súas obras máis significativas.
- Aplicación do vocabulario artístico na análise das obras de arte.
- Recoñecer e comentar as principais obras pictóricas impresionistas e posimpresionistas.
- Realizar unha exposición oral dunha obra de arte.
- Valoración do patrimonio cultural e artístico.

B) Contidos

- Evolución da pintura: Impresionismo. Os postimpresionistas, xerme das vangardas pictóricas do século XX.
- Función social da arte no século XIX.
- Comentario de obras pictóricas.

C) Actividades

- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte do impresionismo e do postimpresionismo.
- Elixe unha pintura impresionista ou unha postimpresionista. Analiza e comenta os aspectos máis significativos e realiza unha exposición oral da mesma.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais destes dous estilos, relacionándoos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
- Explicar a evolución cara á independencia dos artistas respecto aos clientes, especificando o papel desempeñado polas academias, os salóns, as galerías privadas e os marchantes.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura impresionista e postimpresionista, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Respetar as creacións da arte do impresionismo e do postimpresionismo, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.

E) Estándares de aprendizaxe

- Describe as características xerais do Impresionismo.
- Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.
- Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do estilo impresionista e postimpresionista: "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Xogadores de cartas" e "natureza morta con tarteira (froiteiro)", de Cézanne; "A noite estrelada" e "A habitación de Arlés", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do impresionismo e do postimpresionismo, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte do impresionismo e do postimpresionismo aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza unha exposición oral dunha obra de arte.
- Valora a importancia de manter o patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 11: AS VANGARDAS HISTÓRICAS (9 sesións)

Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX

A) Obxectivos

- Valorar a transcendencia estética que supoñen as vangardas históricas na fundamentación da arte moderna.
- Comprender o encadenamento das vangardas históricas coa época.
- Recoñecer e comentar as obras máis importantes dos movementos de vangarda.
- Identificar os artistas principais de cada unha das vangardas históricas.
- Aplicar de forma precisa o vocabulario artístico na análise e comentario da obra de arte.
- Realizar unha exposición oral dunha obra de arte
- Valorar a importancia de conservar o patrimonio cultural e artístico.

B) Contidos

- O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.
- Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.

C) Actividades

- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arte das vangardas.
- Elix unha obra pictórica dun dos estilos que conformaron as vangardas. Analiza e comenta os aspectos máis significativos da mesma e realiza unha exposición oral da mesma.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.
- Clasificar, analizar, comentar e expor obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).

E) Estándares de aprendizaxe

- Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.
- Describe a orixe e as características do Fauvismo.
- Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.
- Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, así como as súas características xerais.
- Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunha das súas correntes máis significativas, como o Neoplasticismo.
- Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.

- Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.
- Explica a importancia dos pintores españois Picasso e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A raia verde", de Matisse; "A vida", "As señoritas de Aviñón", "A moza da mandolina", "Tres mulleres nunha fonte", "Os tres músicos", "Pablo vestido e arlequín" e "Guernica", de Picasso; "O berro", de Munch; "Pintura con tres manchas", de Kandinsky; "Táboa I", de Mondrian; "Fonte" e "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "A persistencia da memoria", de Dalí.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arte das vangardas, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas da arte das vangardas aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza a exposición oral dunha obra de arte.
- Valora a importancia de manter o patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 12: A ARQUITECTURA MODERNA: SÉCULO XX (6 sesións)

Bloque 5. A ruptura da tradición: a arte na primeira metade do século XX

A) Obxectivos

- Identificar os trazos que definen o racionalismo ou funcionalismo e o organicismo e o seu rexeitamento cara aos postulados estéticos da tradición e o decorativismo.
- Recoñecer as múltiples tendencias que se engloban na arquitectura racional e a súa difusión por toda Europa.

- Identificar os principais arquitectos europeos, americanos, as súas obras máis importantes, así como os trazos que as definen.
- Recoñecer algún edificio en Galicia que responda a este estilo.
- Aplicar de forma precisa o vocabulario artístico na análise e comentario das obras de arte arquitectónicas.
- Clasificar, analizar e comentar algún dos edificios máis característicos desta arquitectura.
- Realizar a exposición dunha obra de arte na aula.
- Valorar a importancia de conservar e protexer o patrimonio arquitectónico contemporáneo.

B) Contidos

- Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica.
- Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX
- Conservación do patrimonio: arquitectura do século XX.

C) Actividades

- Elabora un mapa conceptual ou esquema da arquitectura do século XX.
- Elixe un edificio salientable, internacional ou galego, que pertenza a esta corrente arquitectónica: Analiza e comenta os aspectos máis significativos do mesmo e realiza unha exposición oral na aula.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.

- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar e expor individualmente traballos, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.
- Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: Vila Saboia en Poissy e capela de notre dame du haut en Ronchamp (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright; fábrica de coca-cola na Coruña, de Fernández Albalat.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura pertencente ao Movemento Moderno, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas deste estilo aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza unha exposición oral dunha obra de arte.
- Valora a importancia de manter o patrimonio artístico.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 13: AS ARTES PLÁSTICAS NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX (7 sesións)

Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX

A) Obxectivos

- Entender o desenvolvemento e a transformación das ideas de vangarda na arte da segunda metade do s.XX.
- Distinguir os principais movementos e actitude da vangarda deste período.
- Identificar e comentar as principais contribucións persoais á arte deste período.
- Apreciar as circunstancias estético sociais nas que se moven as vangardas do noso tempo.
- Entender o papel dos medios de comunicación de masas na configuración da cultura visual dese período.
- Aplicar de forma precisa o vocabulario artístico na análise e comentario das obras de arte.
- Analizar e comentar algunha das obras plásticas máis características deste período.
- Realizar a exposición dunha obra de arte na aula.
- Analizar e comentar un artigo de prensa sobre o futuro da arte no século XXI.
- Identificar a obra de algún autor galego do século XX.
- Coñecer e valorar o patrimonio artístico da segunda metade do século XX, contribuíndo á súa conservación e desenvolvendo o goce estético e o sentido crítico ante a obra de arte.

B) Contidos

- Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.
- Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.
- Comentario de artigo de opinión: o futuro das artes plásticas.
- A pintura galega no século XX.
- Conservación do patrimonio: arte da segunda metade do século XX.

C) Actividades

- Elabora un mapa conceptual ou esquema das chamadas “segundas vangardas”.
- Analiza e comenta algunha das obras máis representativas de este período e realiza unha exposición oral na aula.
- Análiza e comenta na aula un artigo de opinión acerca do futuro das artes plásticas no século XXI. (Anexo III)
- Busca información sobre a obra de algún autor galego do século XX.

D) Criterios de avaliación

- Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.
- Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realizar e expor individualmente traballos, utilizando tanto medios tradicionais coma as novas tecnoloxías.
- Analizar e comentar artigos de prensa sobre cuestión artísticas.
- Recoñecer obras e autores galegos do século XX.
- Respetar as manifestacións da arte do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte.

- Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.
- Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.
- Analiza e debate sobre o futuro das artes plásticas.
- Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Marrón e ocre", de Tapies; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López.
- Selecciona a obra dun artista galego do século XX, e xustifica a súa elección como exemplo de arte contemporáneo.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da artes plásticas a partires da segunda metade do séculoXX, en relación co seu contexto histórico e cultural.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas deste estilo aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Realiza unha exposición oral dunha obra de arte.
- Analiza un artigo de opinión en prensa acerca do futuro das artes plásticas.
- Valora a importancia de manter o patrimonio artístico en xeral, e o galego en particular.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 14: ARTE E CULTURA VISUAL DE MASAS

(5 sesións)

Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX

A) Obxectivos

- Comprender a significación da fotografía e o cinema, cuxos linguaxes se converteron en poderosos medios de comunicación e expresión artística.
- Entender as fortes implicacións ideolóxicas, políticas e culturais que posúen o cinema e a fotografía, o que os converte en fontes documentais da historia contemporánea.
- Coñecer algún dos principais xéneros e estilos cinematográficos.
- Comprender que as formulacións da fotografía, do cinema, ou do cómic, tanto no formal como no plano dos contidos, discorren de maneira paralela aos grandes movementos estéticos e artísticos contemporáneos, cos que establecen un intercambio de achegas.
- Aplicar de forma precisa o vocabulario específico na análise de obras cinematográficas e fotográficas.
- Comprender que as linguaxes artísticas e as imaxes que utilizan o deseño gráfico, o cartel e o cómic son parte integrante do desenvolvemento cultural e artístico da sociedade en que vivimos.
- Coñecer e valorar o patrimonio cinematográfico e fotográfico do século XX e da actualidade, contribuíndo á súa conservación e desenvolvendo o goce estético así como o sentido crítico ante este tipo de obras.

B) Contidos

- Novos sistemas visuais: fotografía, cine e televisión, cartelismo e cómic.
Combinación de linguaxes expresivas.
- Arte e cultura visual de masas.

C) Actividades

- Relaciona a fotografía de Man Ray e de Alexander Rodchenko coas artes plásticas xa estudadas.
- Escolle un fragmento dunha película para vela na aula e relaciónao coas artes plásticas do século XX, por exemplo “O gabinete do doutor Caligari”, de Robert Wiene ou “Un perro andaluz”, de Luís Buñuel.
- Compara os recursos expresivos dos carteis modernistas e Art Decó cos carteis actuáis.
- Escolle a viñeta dun cómic e relaciónaa cos recursos formais e expresivos do pop art.

D) Criterios de avaliación

- Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas.
- Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ámbitos en que se manifesta.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic e videoarte.
- Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais.
- Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá.

F) Indicadores de logro

- Recoñece e explica as concepcións estéticas e as características esenciais da novas artes visuais en relación co seu contexto histórico e cultura de masas.

- Clasifica, analiza e comenta obras significativas destas novas artes aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).
- Valora a importancia de manter un espírito crítico coa presenza destas manifestacións artísticas na nosa vida cotiá.

G) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE

UNIDADE 15: PATRIMONIO ARTÍSTICO: RESTAURACIÓN E CONSERVACIÓN.

(4 sesións)

Bloque 6. A universalización da arte desde a segunda metade do século XX

A) Obxectivos

- Comprender o concepto de patrimonio histórico-artístico e os principais obxectivos da lexislación vixente sobre patrimonio.
- Coñecer e valorar diferentes teorías sobre a restauración do patrimonio.
- Coñecer, gozar e valorar o patrimonio histórico-artístico, valorar a necesidade da súa conservación, contribuír de forma activa a ela e rexeitar os comportamentos que o deteriorenen ou mingüen.
- Analizar exemplos relevantes do patrimonio histórico-artístico existente en España.
- Recoñecer o labor dos museos na conservación dos bens culturais.
- Respectar e cumprir todas as normas de conservación nas nosas visitas ao patrimonio.

B) Contidos

- O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO.

C) Actividades

- Elabora un catálogo coas obras histórico-artísticas de España declaradas Patrimonio Universal da Humanidade pola Unesco, explicando brevemente cales foron os motivos desa designación.
- Compara distintas obras de arte restauradas en función de criterios diferentes.

D) Criterios de avaliación

- Respetar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade.

E) Estándares de aprendizaxe

- Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos.
- Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.
- Compara diferentes criterios que se seguen na restauración de obras histórico-artísticas.

H) Indicadores de logro

- Recoñece e explica os obxectivos da UNESCO en relación co patrimonio universal histórico-artístico.
- Clasifica, analiza e comenta obras significativas de España e Galicia declaradas patrimonio universal pola UNESCO.
- Valora a importancia de manter un espírito crítico coa restauración do noso patrimonio.

I) Competencias clave: CCEC, CCL, CAA, CSC, CD, CSIEE